



IES ALEXANDRE BÓVEDA

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

VIGO

Xuño 2018

Deseño da portada: María Estévez e María Casares (4º ESO-D)

O BESBELLO SALTÓN 2018

CONSELLO DE REDACCIÓN

Cristina Caamaño Ramiro (1º ESO-C)

Aroa Pombo González (2º ESO A)

Nerea Pallarés Barca (1 ESO C)

Aloia Yi Álvarez Paradela (2º ESO B)

Uxía Alonso Villar (2º ESO-A)

Ana Calaza García (2º ESO B)

Iago Feijoo Rey (2º ESO-A)

Carla Freiría Lorenzo (2º ESO B)

Javier García Rey (2º ESO-A)

LIMIAR

“Bom dia, comunidade!” Así comeza unha canción de Tribalistas e así queremos comezar esta nova etapa da nosa revista **O BESBELLO SALTÓN**.

Esta nova xeira presenta algunhas mudanzas que descubriredes axiña. Como vedes, temos un equipo de redacción composto por alumnado de 1º e 2º de ESO, moi comprometido coa lingua e con moita vontade de facer as cousas ben. Alén disto, os artigos seleccionados para este número son fundamentalmente de opinión e creación. Tamén temos dous textos expositivos, que nos informan da importancia de dúas mulleres que traballaron no eido das matemáticas.

Por outro lado, María Victoria Moreno ten o seu espazo cunha breve achega, para celebrarmos o Día das Letras 2018. No noso centro, a partir de agora, todos os días serán das letras galegas. Falar en galego para pensar en galego, ese é o noso obxectivo diario.

Debemos aproveitar esta oportunidade para converter **O BESBELLO SALTÓN** no voceiro da nosa comunidade educativa, no miolo das iniciativas educativas e académicas, no alicerce de todos os proxectos, no lugar onde fagamos os debates máis intensos, en definitiva, no órgano de expresión do IES Alexandre Bóveda.

Para conseguir isto, temos que vogar alumnado e profesorado na mesma dirección. A partir de agora temos que pensar “en clave besbello” para facer esta revista máis forte e interesante. Todos os departamentos e todos os grupos deben facer achegas de interese para o noso besbello. Así poderemos ter unha comunidade máis crítica e comprometida coa sociedade galega actual e estaremos preparados para defender e estender a nosa lingua entre a nosa mocidade.

Bom dia, comunidade!

O BESBELLO SALTÓN 2018

CONTIDOS

PÁX

O MACHISMO QUE NON SE VE	Lydia Lorenzo Cisneros (2º BAC-A)	5
XA ESTÁ BEN DE ESCUSAS!	Lucía Santamaría Álvarez (2º BAC-A)	8
A COSTELA DE ADÁN	Antía Álvarez Pazó (4º ESO-C*)	10
QUERIDA FILLA	Noelia Rodríguez González (1 BAC-D)	13
A LOITA DE SABELA	Ana Calaza García (2º ESO-B)	15
MANIFESTO DO 8 DE MARZO	Melina Moreyra e Lucía Molina (2º BAC -E)	17
A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA EN VIGO	Lois Fernández Rascado (4º ESO-B)	18
MISIÓN NOCTURNA	Lydia Lorenzo Cisneros (2º BAC-A)	21
OS BURATOS DOS FURNELOS	Aroa Pombo González (2º ESO-A)	22
Á PROCURA	Sara Álvarez Fernández (3º ESO E*)	23
TRABALLO DUNHA SECRETARIA	Nerea Comesaña Pereira (3º ESO E*)	24
OS PEORES EMPREGADOS	Nerea Pallarés Barca (1º ESO-C)	25
O GALEGOFALANTE ANDANTE	Aloia Yi Álvarez, Aroa Pombo e Carla Freiría (1º ESO-A*)	26
MARÍA VICTORIA MORENO	Lorena Pérez Torrón (Dep. Lingua Galega e Lit.)	28
AS ILLAS CÍES	Marcos Fragueiro Rodríguez (2º ESO-C)	30
MUDA	Iago Comesaña Soliño (4º ESO-A)	31
REDE SOCIAL	Aitana Veloso e Sara Faro (1º BAC-E)	32
MEMORIAS E VONTADES	Carla Freiría Lorenzo (2º ESO-B)	34
DIARIO DUNHA MENTE LIBRE NUNHA PRISIÓN	María González Martínez (4º ESO-D)	36
TAREIXA E OS SOÑOS	Salma Freire Sousa (2º BAC-D)	39
ENCHENTA GALEGA	Equipo de Dinamización da Lingua Galega	41
EXPERIENCIAS NA ESO	Nerea Pallarés Barca (1º ESO-C)	42
UNIÓN DE VARIÁBEIS	Antía Ferradás Pazos (1º BAC-A)	43
ADA LOVELACE	Alfredo Rodríguez Naz (Dep. de Matemáticas)	44
NINA KARLOVNA BARI	Saúl Estévez Guntín (Dep. de Matemáticas)	46
O BOSQUE ENCANTADO	Aroa Pombo González (2º ESO-A)	48
OUTROS TEMPOS	Nerea Pallarés Barca (1º ESO-C)	50
COMENTARIO A <i>O LAPIS DO CARPINTEIRO</i>	Lydia Lorenzo Cisneros (2º BAC-A)	52
SES	Antía Álvarez Pazó (2º BAC-B)	56
ENTREVISTA	Iago Feijoo Rey (2º ESO-A)	58
IMANE MRHAR. AUXILIAR DE CONVERSA		65
TORTA DE OBLEAS E NUTELLA	Antía Álvarez Pazó (4º ESO-C*)	68
UNHA TARDE A COCIÑAR	Natalia Feijoo Fernández (31 ESO E*)	69

A LOITA POLA IGUALDADE

O MACHISMO QUE NON SE VE

Lydia Lorenzo Cisneros (2º BAC-A)

“Que princesiña naceu!” Unha das primeiras frases que unha nena escoita ao nacer. Aínda que nin sequera sabe o significado desas palabras, non é consciente da importancia que ten cando a súa mente é allea a todo iso. Non sabe o que significa que, cando xa ten os dous anos, nunha comida familiar, o tío lle solte ao seu pai: “Oe, vai preparando a escopeta que a nena crece moi rápido”. Como se ela precisase que alguén a defendese, pois a súa familia xa asume que hai un risco alí fóra, polo simple feito de ser muller. Mais a cativa segue medrando, sen darse de conta de nada e de repente chega ao instituto e desenvolve a súa plenitude sexual. A súa familia lévaa a depilarse a un sitio horroroso, no que lle fan moito dano. Poré, ela non o cuestiona, simplemente o fai porque todas as demais rapazas da súa clase tamén van alí.

Un día vai xogar cun vestido vermello ao parque, guapísima, cos seus primos, todos varóns. Eles corren polo céspede e soben ao bambán e ás cordas colgantes, ao carón do tobogán. Mais ela, tan guapa cos seus zapatíños,

esvara constantemente, e nin sequera pode gozar deses momentos. Fica no chan esperando a que os seus curmáns baixen. Cando o fan, comeza a correr para perseguilos e, de repente, pum! A nena cae escarranchada no chan. O seu pai dille inmediatamente que se erga, que as “señoritas” non fan iso, e outra vez séntese avergoñada.

A primeira vez que lle baixa a regra procura que ninguén na escola se decate, pois iso resulta “noxento” para os seus compañeiros. No entanto, eles rañan no pene sen problema no medio das clases e expresan o seu desexo sexual cando máis lles apetece. Ás veces, séntese intimidada cando vai pola rúa. Os coches lle tocan a bucina e os homes (de todas as idades) a miran e lle din frases como: “Con ese cu, deixábate cagar na miña casa”; “Guapa”, asubíos, verbas desagradábeis e medo a saír soa pola rúa. Si, tamén cando é de día. A primeira vez que lle pregunta aos seus pais se pode saír de noite, eles encárganse de levala e traela (para que “non haxa ningún problema”), mentres que os rapaces volven e van en bus

libremente. A ela tamén lle gustaría mais xa non se atreve a facelo soa. Nin sequera cun grupo de amigas. Só se vai acompañada dun rapaz. Os seus pais tamén o ven así, por iso lle preguntan, cada vez que vai de festa, que amigo irá con ela.

E esta é a realidade que as mulleres viven cada día e que, como vemos, vai calando con micromachismos dende que son pequenas. Ensínaselles a través da publicidade, dos medios de comunicación e mesmo do porno (do que ninguén fala) que son un produto máis do capitalismo, ideado para un home heterosexual que ten plenos dereitos sobre elas. As mulleres aprenden dende o minuto 0 a vivir con medo, a que hai un risco alá fóra, a que deben defenderse. No entanto, non se lles ensina aos homes a non atacar e, cando o fan, séguese a cuestionar á vítima (como se apreciou co caso da *Manada*, no que se intentou buscar probas que amosaran que a culpa da violación era da muller porque “íá provocando”). Elas, que á vez teñen que ser perfectas, intentando acadar uns canons de beleza inalcanzábeis e imposíbeis (90-60-90) chegando mesmo a morrer nesta tarefa (anorexia, bulimia, trastornos depresivos...),

mecanismos que se poñen en práctica para que unha muller non se sinta en paz consigo mesma, pois unha muller que se valora é unha muller libre. Os homes sempre mandan, son líderes. As mulleres que o intentan son “mandonas e pesadas”. Eles sempre están afirmando que son moi bos niso, ou nestoutro. Unha muller que afirma que é boa en algo é unha egocéntrica, unha insoportábel.

Hai aspectos da vida, do machismo, que non se poden entender se non os vives. Moita xente pensa que o machismo se remite so á violencia física, mais o problema de verdade é que esta deriva dun sistema enteiro, que oprime a muller completamente. O machismo está presente no noso día a día, en situacións tan insignificantes (a simple vista) como as descritas no inicio, mais que forman parte dun sistema que está podre. Por iso é importante mudalo. Darlle a volta.

O capitalismo dos nosos tempos promociona unha sociedade libre, con constitucións, eleccións e máis trapallada propagandística que provoca que todos os esforzos reivindicativos fiquen na teoría (e non só na cuestión feminista, senón tamén en políticas de normalización lingüística, política social,

O BESBELLO SALTÓN 2018

educación...). Porén, para que queremos teoría sen práctica? O necesario nestes momentos é destruír todo o mecanismo e expor cambios reais: maior número de dirixentes mulleres, maiores dereitos, menos violencia sistemática e maior liberdade sobre os seus corpos. Non queremos propaganda sexista, nin sentirnos un obxecto de consumo de forma constante. Queremos sentirnos respectadas, igualadas, non queremos que nos vexan como princesas ás que hai que coidar. Somos fortes, loitadoras e combativas. A revolución será feminista, ou non será.



A LOITA POLA IGUALDADE

XA ESTÁ BEN DE ESCUSAS!

Lucía Santamaría Álvarez (2º BAC-A)

Hoxe en día, e máis ca nunca, podemos observar que toda a loita das nosas antepasadas por conseguir unha plena integración nunha sociedade igualitaria está lonxe de ter triunfado. Podemos observar con cada movemento do poder e con evidencias na nosa vida cotiá que lonxe de ter avanzado, case que seguimos na mesma situación que anos atrás.

En principio, é o Estado o que promove un discurso teórico no que fala de grandes leis e grandes reformas que beneficien o sector feminino, mais na práctica o único que fai é virar a vista cando son necesarias reformas legislativas en materia social e desentenderse da pasividade do poder xudicial ante as súas incoherentes decisións en asuntos de xénero. Só hai que ver, por caso, o aumento no número de violacións e a ineficacia e ignorancia do poder por defender as mulleres. Xa non son significativas nin as denuncias, nin as protestas, porque dentro desta sociedade o que ve o poder son mulleres exaxeradas e atemorizadas ás que non é urxente prestarlles atención. Só cando morremos saen na súa defensa, dicindo que todos os protocolos están activados e que o que hai

que facer é denunciar. Non obstante, de que serve denunciar se ninguén parece facernos caso?

Alén disto, é ese mesmo modelo de Estado o que non para de xerar estereotipos sexistas arredor dunha muller obxectualizada que ante todo satisfaga os intereses masculinos. Non chegou o día en que as mulleres de portada sexan corpos defectuosos, en que as personaxes públicas non estean obrigadas a seguir unhas pautas de beleza ou que os modelos de poder sexan maioritariamente mulleres. Falan de igualdade e tentan facernos crer que esta xa existe. O problema reside na superficialidade das medidas, porque no noso intento de normalizar a situación, tan só atopamos publicidade con símbolos forzados, como homes en produtos de limpeza ou mulleres con corpos normais en escasas marcas. Está claro que para erradicar o problema da muller como obxecto é necesaria a colaboración de cada un de nós, para eliminar os restos de micromachismos das nosas mentes e comezar por fin a transmitir ás novas

O BESBELLO SALTÓN 2018

xeracións o verdadeiro concepto de igualdade.

Quizais é o medo ao cambio, xa que toda mudanza pode levar a consecuencias negativas, polo que as cousas seguen atoadas no pasado. Se as mulleres gañan poder, o sistema capitalista podería ficar modificado provocando o descontento en diferentes sectores da sociedade e mesmo unha crise indesexada xeneralizada. Mais, ao longo da historia, sempre foron necesarios os cambios para progresar e talvez é a hora de que algún deses cambios tamén nos beneficie a nós, ás mulleres.



A COSTELA DE ADÁN

Antía Álvarez Pazó (4º ESO-C*)

Día 1: Xa teño unha moza nova. Non é moi guapa, a verdade eu prefería a Elia. Esa si que é unha moza ben feita... ten un cu que non cansas de o fitar. Pero non quixen pedirlo a ela porque se me di que non, ficaría coma un *pringado* diante dos meus amigos. E de ningún xeito vai pasar iso. É mellor ir ao seguro que ficar coma un paspán.

Día 7: Esa estúpida de Alicia... Non podo crer o que fixo hoxe. Levamos unha semana saíndo e veu maquillada! Xa sabe que non me gusta que se maquille... ela nega que o soubese. Non creo o que di mais, se fose certo, iso demóstrame o parva que é. Leveina cara ao baño en canto a vin así pintada coma se fose unha calquera. Fíxenlle quitar o pinta-beizos e mais a sombra de ollos de inmediato. Ela semellaba asustada así de seguro non o volve facer. Convenlle no volver facelo. A verdade é que lle sentaba moi ben. Demasiado ben como para vir aquí ao instituto, onde os mozos non deixan de fitala. Mais é a miña moza... a moza do tío máis guai do instituto. Talvez cre que agora que é mais popular pode facer o que queira. Se cadra quere botar outro

noivo. Pois vai dada... non vou deixar que o faga. Que pensarían os meus amigos?

Día 13: Hoxe Alicia comentoume coma de pasada que ía ir de festa cunhas amigas... Así sen darlle importancia. Enfastieime claro. Como se lle pode sequera ocorrer que pode ir por aí con esas fulanas (e eu dígoo porque o son, nada máis hai que ver como visten) a algún sitio cheo de tíos a fitar a miña rapaza. E sen me pedir permiso! Coma se fose un neno rebuldeiro que fai o que lle peta. No momento no que dixo que sería a miña moza, pasou a deberse a min. Díxenlle que non a deixaba ir, que tiña que escoller entre as súas amigas e mais eu. Claro está escolleume a min... téñoa no bote. Se se porta ben, podería ser mesmo unha boa muller. Coma a miña nai. Cando casou co meu pai, deixou todo o demais para dedicarse a el e, logo, aos fillos.

Día 21: Hoxe cheguei á clase para a recoller (o resto da mañá estiven a facer as miñas cousas), e cal non foi a miña sorpresa cando a vin falando con outro rapaz. Demasiado guapo, cun sorriso demasiado franco e alegre, un reflexo do

O BESBELLO SALTÓN 2018

de Alicia. Fun correndo até alí amolado e pegueille un empurrón ao rapaz aquel. Este caeu ao chan, mentres Alicia me fitaba coma sen comprender. Mais, un segundo despois os seus ollos esvararon cara ao babeco roubamozas aquel. Se pensaba que podía quitarma estaba moi equivocado. E, se o conseguise, que ía pensar a xente? Porén, volvendo ao que pasou, cando Alicia fixo o xesto de ir axudalo a levantarse, pareina co brazo e ordeneille que ficase queda. Tras unha breve pausa de incredulidade, o rapaz aquel ergueuse e preguntoume “Estas tolo ou que?”. Eu comecei a insultalo e a lle dicir todo o que pensaba dos tipos coma el, que tan só pensan en me facer quedar mal, mentres unha morea de xente formaba un circulo arredor de nós. Creo que el tentaba dicir algo, mais non lle fixen caso. Non quería falar con el, que conspiraba para facerme quedar coma un *pringado*. Ao final foi Alicia a que logrou tranquilizarme, dándome aloumiños no brazo que tiña máis preto dela. Díxome que era o seu amigo da infancia Manuel, e que estaba con ela até que chegase eu para non deixala soa. Ollei de lado aquel tío, esperei un intre, cuspinlle aos pés e marchei. Escoitei que Alicia lle dicía ao tipo “non pasa nada, preocupase por min porque me quere”, antes de vir correndo tras de min e collerme da man. Pareceume

ouvir o rapaz marmuñar algo... terei que mantela afastada del... pode meterlle cousas raras na cabeza... cousas que eu non saiba.

Día 28: Levo unha bebedeira... Hoxe tampouco irei a clase nin verei a Alicia, a ver se capta que non teño que ir con ela tan só porque mo pida. Ben, imos ao que é interesante. Onte saín de festa cos amigos. Fomos a unha discoteca chea de tias súper macizas... E claro de entre todos aqueles papamoscas eu sobresaía con diferenza. E cando xa levaba uns cantos calimotxos achegouse unha rapaza cunha dianteira formidábel... e a traseira non estaba mal... Convideina a algunhas cervexas e pasou o que pasou. Unha noite inmellorábel. Por iso estou de bo humor, atópome xeneroso, así que talvez hoxe lle responda algo a Alicia, debe de estar preocupada porque o meu móbil non deixa de soar.

Día 32: Hoxe díxenlle a Alicia que viñese comigo de festa, para ver se teño a mesma sorte que o outro día. Así de paso a vixío. Ela negouse a vir, disque tiña que estudar para un exame. Unha cousa cativreira. Insistinlle, e entón ela espetoume: “para que, para ver como te enleas coa primeira tía que pasa ao teu carón?”, e botouse a chorar. Eu tardei uns intres en entender o que pasaba e pregunteille ben baixiño

O BESBELLO SALTÓN 2018

quen llo contara. Cando non me respondeu griteillo e ela encolleuse e murmurou que fora Manuel. Pegueille un empurrón e berreille que era unha estúpida, que quen se crera para ter o dereito de reprocharme algo, que non me fixo caso cando lle dixen que non podía falar máis con aquel maldito soprón... que ela me desobedecera. Pero que esperaba? Como pode botarme a min a culpa? Que se enfade con aquela tipa, que era ela a que ía provocando. Os homes somos así, non podemos resistirnos. Mais sigamos: Ela seguía chorando e eu berrando cando veu o seu pai a ver que pasaba. Díxome que Alicia tiña que estudar e botoume da casa. Será marica! E que non comprende que teño que facer que entenda que se é miña ten que me obedecer? Se fose un home de verdade xa o tería sabido. Como dicía o meu pai, a muller saíu da costela do home. E por iso ela é miña. Por dereito. Despois escribume unha mensaxe preguntándome por que me puxera así, mais eu non lle contestei. Simplemente non podo controlarme. Sempre ten sido así dende que era neno. E xa está.

Día 40: Hoxe non puider aguantar máis. Estaba esperándoa na miña casa e, cando ela chegou, decateime de que tiña cortado o cabelo. Da súa longa melena tan só restaba un anaquiño de dez centímetros.

Chegáballe para cubrir as orellas, e máis nada. Estourei. Collina polo brazo e arrastreina cara a dentro. Alí griteille como levaba xa tempo querendo facer. Ela tan só dicía que o sentía, e máis o ía sentir. Cortara o seu cabelo sen mo dicir. Sen preguntar se me parecería ben. Tiven coidado de non darlle na cara. Notaríase demasiado.

Día 78: Non sei quen foi. Talvez o estúpido de Manuel, talvez o marica do seu pai. Talvez foi algunha das raposas das súas amigas. O caso é que agora estou nun centro de menores, a esperar para falar con outro pailán de merda que quere que lle conte por que o fixen. Non fodas! É que aquí ninguén entende que era miña? Que tiña que me obedecer? Xa o dicía o meu pai. Este país é unha merda. Xa non hai homes coma os de antes. Porén, agora nin sequera el está contento. Pareceume que se avergoñaba cando os policías viñeron á nosa casa. E o que é peor... Alicia está saíndo con Manuel. Que estará a pensar a xente?



QUERIDA FILLA

Noelia Rodríguez González (1º BAC D)

Quizais nunca chegue a atopar o valor de ensinarche isto, porque non é fácil dicilo. O día en que a túa nai me anunciou que íamos ser pais non puideron reprimir as bágoas ao pensar en como serían os teus ollos, mais cando te sostíven en brazos e os vin por primeira vez invadiume un instinto protector, o cal aínda non conseguín reprimir a día de hoxe. Foi ese instinto o que me levou a chorar. A túa nai e eu non eramos conscientes mais trouxerámoste ao mundo xunto coa carga que iso levaba. Non sabes canto o sinto meniña, es o máis bonito das nosas vidas e non o vas ter fácil.

Poida que agora aínda non entendas nada e sexa a inocencia a que te protexa, porén, mañá terás que pelexalo ti. A túa nai xa insistiu en te vestir de rosa polo que poderían dicir as veciñas. Alén disto, achéganse as festas e algo me di que non poderás utilizar a moto do teu irmán, que tanto che gusta. A túa nai asegura que desexa comprarche unha “cociniña”. A min dóeme pensar no dano que pode facerche. Cando imos á praza, a xente non para de dicir que o teu irmán será un home de proveito mentres que aseguran

que ti es unha nena moi guapa. Nunca me gustou esa imaxe floreiro da muller.

O outro día chegaches chorando porque no colexio non te deixaron xogar co teu irmán ao fútbol e tiveches que marchar a un pequeno recuncho do patio a saltar á corda. A túa nai quitoulle importancia. Empezo a pensar que te ten sobreprotexida. Para tentar arranxalo fóstesvos de compras, mais ti só seguías querendo unha pelota.

Sabes? De pequena adoitabas repetirme que algún día viaxarías ao espazo. Podía ver a ilusión nos teus ollos, de modo que un día fíxenche un casco de astronauta. Pasaches unha semana enteira con el. Unicamente o tirabas para ducháreste e gustábache saltar na cama imaxinando que despegabas. A túa nai cansouse e botouno ao lixo. Acusoume de que che creaba falsas ilusións ao che facer crer que podías chegar a un traballo de homes. Nunca máis volviches falar do tema, cariño.

Espero que se algún día les esta carta sexas unha grande astronauta, que te valores por enriba de todo. Meréceste

O BESBELLO SALTÓN 2018

alguén que te ame sen te oprimir, que entenda que non estás obrigada a seguir o que a sociedade considera correcto. Goza da túa vida, filla. Se algún día desexas ter fillos, faino porque é o que desexas, non porque sexa o que os demais esperan de ti. Lembra que, fagas o que fixeres, ti xa naciches completa e debes sentirte realizada sen necesidade de ser nai ou de levar unha casa ti soa. Viaxa moito, por favor, esquece o que o resto pense e nunca deixes que se acheguen a ti sen o teu consentimento. Sé libre e non dependas de ninguén, conduce se é o que desexas e non te amedrentes cando digan que iso é cousa de homes. Lembra que o teu vello pai nunca chegou a aprobar o exame.

Sinto que teñas que vivir baixo prexuízos ou sendo xulgada día a día. Nunca serás suficiente para eles por iso debes selo para ti mesma. Algúns te criticarán por ser recatada de máis e outros chamaránche “cabeciña tola”; para uns a saia será moi longa e outros se escusarán dicindo que ti o buscaches. Eles temerante e dirán que estabas mellor fregando na casa, mentres que para elas serás unha vergoña. Talvez a túa nai non queira saber máis de ti, mais eu sempre lembrarei a valentía que vin nos teus ollos a primeira vez que te sostiven nos brazos. Serei o pai máis feliz

cando vexa que a miña filla naceu libre, poida que escrava dunha sociedade retrógrada, mais non esquezas nunca que tes maxia e que o teu vello pai confía en que saberás escapar desa cela.



A LOITA DE SABELA

Ana Calaza García (2º ESO-B)

A Sabela non lle foi doado chegar a onde chegou. Lograr ver cumprido o seu soño non foi un camiño de rosas. A súa vida estivera marcada pola loita continua na procura dos seus obxectivos. E non llo puxeran nada fácil.

Sabela foi unha rapaza de aldea, unha rapaza da Galiza profunda, como din algúns agora. Todo ficaba lonxe. Até o instituto ficaba lonxe, e tiña que se desprazar á vila máis próxima para ir ás clases. Cada día era unha odisea porque tiña que se erguer moi cedo para poder coller o autobús, que tiña a parada a dous quilómetros da súa casa. No inverno saía de noite da casa e algúns días chegaba xa de noite. Mais o soño de se converter nunha ilustre científica facía que todo esforzo valesse a pena.

Despois de acabar os estudos secundarios coas mellores cualificacións conseguiu praza na universidade para facer a carreira de Química. Foi unha alumna brillante sempre, porén, xa daquela, tivera que aturar comentarios machistas que non lle agraban nada e que, por outro lado, non entendía. “Que fará unha muller aquí? Deixa isto para os

homes, que ti podes ser unha boa enfermeira ou mestra”. Que carraxe! Pensaba sempre que lle tocaran de compañeiros unha morea de ignorantes. Mesmo algún profesor a tiña mirado raro, mais naquel momento ela non o achacara máis que á curiosidade de ser a única muller da promoción.

A vida universitaria non lle foi doada. Na casa non había moitos cartos. Súa nai gañaba pouco como costureira e o seu pai non tiña traballo sempre na construción. No entanto, ela era loitadora e sempre tiña o seu soño como meta a acadar. Non dubidou en traballar, unhas veces como caixeira nun supermercado, outras como camareira nun restaurante, e ás veces daba clases particulares a algún rapaz. Agora, pasado o tempo, aínda pensa que nin ela sabe de onde quitaba tempo para os estudos.

Malia todo, conseguiu rematar os estudos. Outra vez fora a primeira da súa promoción e esta vez o éxito pareceulle maior, pois era a primeira muller en acadar tal mérito. “Estupendo curriculum académico! Coido que é o mellor que vin en trinta e dous anos como profesor nesta

O BESBELLO SALTÓN 2018

universidade”. Estás foran as palabras que lle adicou no acto de graduación aquel profesor que a tiña ollado raro.

Axiña se puxo á busca de traballo. Non foi fácil. Non había moitas portas abertas, e as que parecía que se abrían, axiña se pechaban. Como era posíbel que con aquel currículum non achase un oco.

Cando soubo que nun dos laboratorios máis prestixiosos do país andaban á busca dun investigador co seu perfil, non dubidou en se presentar. Alí estaban á porta tamén outros que foran compañeiros de estudos. Miráranos de esguella. Outra vez máis sentiu que ser muller non era fácil nun mundo de homes.

Porén, o seu currículum era o mellor, non había dúbida. Tiñan que collela a ela. O posto de traballo era dela. No se podía pensar outra cousa.

A realidade foi máis ben outra. Colleron a outro, home, por suposto, que non tivera que demostrar tanto coma ela, e ao que seguramente non lle custara o mesmo que a ela chegar a ese punto.

Tivera que conformarse cun posto máis baixo noutro laboratorio máis modesto. Mais tivo sorte cos xefes. Axiña confiaron nela e nas súas capacidades. E foi chegando a postos de máis responsabilidade. Esa primeira experiencia laboral serviulle para ir formándose máis e chegar a conseguir premios internacionais

polos seus descubrimentos no campo da ciencia.

Nese momento os laboratorios máis prestixiosos querían contar con ela nos seus equipos de investigación. A sorpresa foi cando aquel laboratorio que a tiña rexeitado a solicitaba como traballadora. No entanto, agora foi ela quen dixo que non. A súa condición de muller fora o que a fixera loitadora, e non ía premiar a quen a tiña rexeitado por iso.

Hoxe olla o pasado desde a súa posición que a sitúa entre unha das científicas máis brillantes do país.



MANIFESTO DO 8 DE MARZO

Melina Moreyra e Lucía Molina (2º BAC-E)

Cada 8 de marzo celebramos a alianza entre mulleres para defender os nosos dereitos e as nosas liberdades. Foi a unión de moitas mulleres no mundo o que conseguiu grandes vitorias para todas nós e que nos trouxo os dereitos posuímos hoxe.

Chegamos ata aquí grazas a unha xenealoxía de mulleres: activistas, sufragistas, como Emmeline Pankhurst (1), e sindicalistas. As que loitaron nas guerras, as que loitaron no campo, as que loitaron intelectualmente, como Marie Curie (2); as políticas, como Clara Campoamor (3), que conseguiu o voto feminino en España; as escritoras mais tamén esa multitude de mulleres que non teñen nome nesta historia: as asasinadas.

A vida das mulleres cambiou moito nas últimas décadas e aínda temos moito polo que loitar. Hoxe reivindicamos a figura de Rosalía de Castro (4) e facemos nosas as súas palabras, que no seu artigo *Lieders*, en 1858, con tan só 21 anos dicía: *Non acato os mandatos dos meus iguais e creo que a súa feitura é igual á miña feitura e que a súa carne é igual á miña carne. Eu son libre. Nada poder conter a marcha dos*

meus pensamentos, e eles son a lei que rexe o meu destino.



A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA EN VIGO

Lois Fernández Rascado (4ºESO-B)

Entre o meu parentesco, a persoa que máis coñecemento ten da Guerra Civil e de como se viviu este conflito na miña familia é a miña tía segunda por parte materna, M^a del Carmen M. Graña. Nada en 1957 en Vigo, grazas ás historias que miña bisavoa na súa mocidade lle contaba, puido proporcionarme certa información acerca do ambiente que había na cidade olívica durante a guerra, nomeadamente arredor da área de Lavadores onde a súa familia residía. Amais, a presenza de miña avoa, Juana Graña, durante a nosa conversa permitiulle lembrar detalles e anécdotas deste período da súa infancia. A pesar de ter nacido en 1935, non tiña moitos recordos relacionados cos anos de conflito, mais si foi capaz de achegar algúns datos valiosos para esta pequena investigación. Alén disto, para contar cunha maior contextualización da información, recorrín á rede para enfiar e preencher os ocos que me pareceu atopar nos datos recadados.

A miña bisavoa vivía na parroquia viguesa de San Paio, ao carón do que hoxe sería a avenida de Peinador ou do Aeroporto. O seu marido era axudante nunha notaría –o meu bisavó formaba parte do grupo dos

poucos afortunados que sabían ler e escribir naqueles tempos- e gañaba os cartos a partir da venda de reses, do aluguer dunha propiedade e da taberna que tiñan no baixo do seu fogar. Mentres tanto, ela se ocupaba de manter a familia á custa do campo e da gandaría e de coidar de miña avoa e das súas dúas irmás. A zona de Lavadores, onde residían, consistía nunha área situada nos arrabaldes da cidade de Vigo a medio camiño, a nivel económico, entre a industria e actividade labrega. Consistía nun val dividido en pequenas leiras rurais, labradas en condicións pésimas polas mulleres e os nenos das familias, mentres os homes traballaban nas fábricas metalúrxicas viguesas para gañar o xornal. As laboriosas xentes de Lavadores eran coñecidas pola súa loita contra a explotación e a favor das súas liberdades políticas. Por isto, tal e como me contou miña tía, Lavadores era coñecida como ‘La Rusia chiquita’.

Após o golpe de Estado dos falanxistas e o estalido da Guerra Civil, moitos veciños viron a súa liberdade en perigo e loitaron contra a sublevación franquista, consolidándose esta zona como unha das

O BESBELLO SALTÓN 2018

principais áreas de resistencia á rebelión militar. En Vigo, os fascistas non chegaron ao poder mediante a loita contra o bando republicano, senón mediante unha manobra pola cal abriron fogo contra as multitudes en plena Porta do Sol, estendendo deste xeito o horror entre a poboación viguesa. Moitos/as habitantes procuraron acougo en Lavadores e, ante o massacre cometido polos fascistas, estas mulleres e homes responderon cunha fronte de resistencia, a través da creación de barricadas. A heroica resistencia republicana foi derrotada polos sublevados coa axuda da Garda Civil. Ante a represión, moitos deles escaparon ao monte da Madroa, onde se viron obrigados/as a vivir en condicións extremadamente miserábeis e insalubres durante meses.

Segundo miña tía, ao longo da guerra e nos anos posteriores a esta, levábanse a cabo fusilamentos acotío, especialmente na zona de Pardavila, xunto á actual rúa de Ramón Nieto, e nas parroquias de Beade e Candeán. Estes adoitaban ter lugar en sitios de tránsito público co fin de que a poboación observase os cadáveres e se estendese o terror entre ela. Alén disto, chegaronse a producir bombardeos contra a resistencia no monte da Madroa.

A pesar deste tenso e duro conflito político, a familia de miña bisavoa non


defendía ningunha ideoloxía en concreto e limitábase a tentar sobrevivir e manter as fillas a partir dos labores do campo e o traballo do home. De acordo con miña tía, meu bisavó, que non foi elixido para acudir á guerra pola súa avanzada idade, traballaba na súa taberna despachando viño á veciñanza. Despois da sublevación do 36, viuse obrigado a cobrarlle o chamado *selo* aos seus clientes, unha especie de imposto para contribuír ao bando franquista na guerra, exixido polos falanxistas como consecuencia do amplo control que posuían en Vigo e en Galiza. O meu bisavó, que era un home de ben, negouse a cobrarlle ditos *selos* aos amigos e veciños que frecuentaban o seu local e, polo tanto, tivo que pechar o negocio. Á parte desta anécdota familiar, o meu tataravó formaba parte dunha especie de gremio denominado ‘Cooperación Agraria’, que despois do estalido da guerra, tivo tamén de se disolver.

Pola súa parte, miña avoa lembra que cando era pequena era moi habitual que os veciños se acusasen de estar en contra do réxime e se delatasen entre si perante as autoridades franquistas, o que daba lugar a unha situación de medo xeneralizado na poboación. Os/As acusados/as eran encarcerados e, a miúdo, asasinados. Miña avoa tamén falaba de que, de vez en cando, aparecían

O BESBELLO SALTÓN 2018

polas rúas dous gardas franquistas e cando isto acontecía, a súa nai collíaa a ela e as súas dúas irmás e levábaas ao monte por temor a que as atopasen na casa.

Todos estes feitos e experiencias que se viviron na miña familia e no seu ambiente, demostran, máis unha vez, a incríbel represión e violencia que se aplicou sobre a poboación española na man dos fascistas franquistas e da inconcibíbel supresión da liberdade e sistemática violación dos dereitos humanos que tivo lugar neste país durante corenta anos, e que tivo tantas vítimas. Amais, serven como testemuño da gran loita que levaron a cabo tanto mulleres coma homes por recuperar os nosos dereitos actuais e o mérito que esta merece.



MISIÓN NOCTURNA

Lydia Lorenzo Cisneros (2º BAC-A)

Finalista VI Certame de Relato Curto da FANPA

Acordo suando e decátome de que algo non vai ben. O despertador atrasou e a misión desa noite era a primeira da miña carreira. Desfágome da manta, collo o meu saco e saio ao frío da noite. Aínda non sei como chegarei ao lugar de encontro a tempo.

A ruta máis rápida é a do bosque e, a pesar dos riscos, decido arriscarme. O sol está a piques de saír e preciso realizar o meu traballo na escuridade. Vou saltando dunha árbore á outra, ás presas. Cando chego á base do edificio decátome da realidade: subir até o andar dez gabeando pola fachada non ha ser doado. Preciso pórme mans á obra xa. E iso fago: andar 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e pum! Esvaro varios metros mais consigo determe antes de estrelarme contra o chan. Para colmo pasa un coche pola rúa e ninguén pode verme aquí. Poría en perigo o noso segredo.

Sen pensalo dúas veces abro a fiestra do andar 3 e introdúzome dentro, agochado e sen respirar. Cando xa non hai perigo fóra, saio e comezo a rubir de novo. Os meus brazos tremen de medo e de frío.

Por fin chego ao piso 10. Recollo a corda, métome dentro e camiño moi amodiño,

sen facer ruído, até o cuarto máis pequeno da casa. Sei exactamente o que vou atoparme alí, teño os planos e as instrucións do que debo facer: aproximome á cama, agatuño por ela e detéñome a contemplar a doce expresión do meniño que alí dorme. Recollo o dente de leite que lle caera esa mañá e métoo dentro da bolsa. A cambio, déixolle o crebacabezas de cores que tanto desexaba.

Chámome Pérez, ratiño Pérez, e a partir de agora este será o meu traballo.



OS BURATOS DOS FURNELOS

Aroa Pombo González (2º ESO-A)

Finalista VI Certame de Relato Curto da FANPA

Aquela mañá erguinme cedo para ir pasear o can. Mercara unha casiña no Cunchido de Arriba, no Morrazo. Estaba afacéndome á contorna. Aproveitei para saír dar unha volta.

Preto da casa hai un monte, “O Cantón”. Faláronme moi ben del e fun exploralo. Unha muller comentoume que alí existen os chamados “Buratos dos Furnelos”, onde un home esvarara e caera por mor dunha corda. Aqueles buratos daban á praia do Porto, despois a Santa Marta e por último a Liméns. Eran moi perigosos. Malia todo, achegueime. Cando me aproximaba sentinme aterrecido. O can estaba moi preto, vixiando semellantes buratos, temía que caese. Así, con afouteza, corrín a salvalo. Xaora, eu caín.

O can non. Comezou a oulear. Eu estaba cheo de feridas. Trasladáronme a Povisa e alí permanecín tres días. Supuxen que cando caín no burato a miña testa non batera contra ningunha rocha. Fiquei uns días de baixa para me recuperar; non só das feridas, senón tamén do susto.

Quixen voltar, algo non encaixaba. Preguntábame por que aboiei e non afundín. Tiña estraños pensamentos: cada

noite soñaba que Xosé, o que caera, fora o que me rescatara.

Ao chegar fiquei pampo. Puiden enxergalo. Alí estaba Xosé. O home veu cara a min. Tivemos unha longa conversa.

Voltei á casa. Ao día seguinte tiña que ir traballar e esa noitiña non puiden conciliar o sono. Estivera a falar cun defunto!

Pola mañá espertei, almorcei e saín da casa ao traballo. Saudei os meus compañeiros, que me ignoraron. Iso fíxome sentir mal, no entanto non lle dei importancia. Entrei no despacho. As miñas cousas non estaban. Alguén entrou. Era outro home o que ocupaba o meu lugar.

Que pasara? Como era posíbel? Enchínme de ira e comecei a pedir explicacións berrando. Ninguén daba resposta ningunha ante a miña actitude. Era coma se non existise...



Á PROCURA

Sara Álvarez Fernández (3º ESO E*)

Facía exactamente un ano que se mudara, mais non se esquecera de nada. Albiscou ao lonxe o cartel pendurado do que lle falaran. No fondo, aquilo aterrecíao. Sabía que era un sitio lóbrego e desagradábel. Entrou. Pechou a porta e, silandiramente, percorreu o estreito corredor que, como ben sabía, levaba á cociña. Achegábase o serán e, pronto, Howl volvería. No entanto, tiña moito que facer. Todo parecía estar en perfecta harmonía, polo que non sabía por onde comezar. Até entón todo marchara ben, porén non podía confiarse demasiado. Aquela casa non era un segredo para ninguén na cidade. Comezou a procurar. No vertedoiro había unha tixola con cogomelos. Ao seu carón, zume de laranxa, un funil sucio e unha coxa de polo esnaquizada. Aquilo era unha desfeita. Había amorodos, grans de bico e ervellos espallados polo chan; unha tosta torrada

no torrador e pebidas de chocolate na encimeira. Definitivamente, alí non ía atopar o que buscaba. Por derradeira vez, repetiuse que debía darse présa. Axexou un cadro cun retrato á esquerda da sala. Nel retratábase un rapaz con ollos ruzos, cabelo loiro e lampo. Non sabía se o atoparía, mais, polo menos, tentaríao.



O TRABALLO DUNHA SECRETARIA

Nerea Comesaña Pereira (3º ESO E*)

Eran as sete da mañá cando soou o despertador. Que día era? Sexta feira, sábado...? Probabelmente fose sexta feira, porque o día anterior ficara até as tantas facendo o papeleo que me mandaran do traballo dun día a outro. Era de esperar, pois era a secretaria do señor Gustavo. Si, aquel home detestábel, capaz de ulir un billete a dez metros de distancia. Porén, seguía sendo o meu xefe e non podía facer nada, agás asentir e botar un sorriso a todo o que el dicía. Quen sabe! Talvez algún día sexa multimillonaria e el traballe para min. Volvín dos meus pensamentos e dispúxenme a almorzar. Tomei o leite e os cereais axiña. Outra cousa que tiña que anotar na listaxe da compra. Ollei o reloxo: ía con cinco minutos de atraso. Fun ao meu cuarto e vestinme o máis axiña posíbel., collendo a roupa que tiña máis a man. O traballo ante todo. Non me podía permitir perdelo . Unha vez lista, subin ao coche e fun directa cara á empresa.

Pasados uns minutos cheguei ao traballo. A verdade, sempre me gusta ver nada máis chegar a leda faciana de Mariña, a miña compañeira e, ás veces, ao seu fillo pequeno.

-Bos días Mariña -díxenlle.

-Ah! Ola Uxía . Escoitaches? O señor Gustavo tivo un accidente e vai estar polo menos tres meses de baixa. No seu lugar virá o seu fillo. Creo que ten máis ou menos a túa idade.

-Ah, pois non o sabía. Acabo de chegar. El está ben?

-Si, non te preocupes. El está perfectamente. Anda, corre, seica está a te esperar.

-Si , xa vou.

Subín até o quinto andar, onde estaba o meu despacho e o do director. Petei na porta e entrei. Alí estaba sentado nunha cadeira o novo director. Sentei eu tamén e comezamos as presentacións. El era moi agradábel e simpático, a diferenza do seu pai. Seguimos a falar até o serán , mais para min foi como una hora. Sinto se fun má por desexar que o señor Gustavo non volvese nunca máis.

OS PEORES EMPREGADOS

Nerea Pallarés Barca (1º ESO-C)

Esperto. É cedo mais é xa a hora de me preparar para a miña perpetua rutina.

Lavo a face e intento acordar totalmente para ter as ideas ben claras. O meu papel é importante no meu traballo. Entro na oficina e comezo a repartir uns papeis aos meus empregados. Vaia cara que poñen ao lelos! Nin que eu fose a produtora deses informes!

Comezo o meu traballo, explícolles aos meus empregados como deben facer o traballo, porén, eles non fan máis que complicarme a vida!

Parece que un non é quen de pechar a boca! E outro, nin que non lavara ben as orellas pola mañá! Remato de lles explicar, e só dous fan ben o seu traballo!

Pobriños os demais, uns que non escoitan, outros que non ven, outros que non calan... E ningún entende as explicacións. Ou será que non queren entendelas?

Sorpréndeme que lles asusten os papeis que reciben de cando en vez. Chego á miña casa, e tento esquecerme dos castigos que tiven que pór, e de todas as persoas ás que tiven que rifar. Sento no sofá do salón e reláxome. Mais, de súpeto, vexo a morea de traballos que teño que revisar e o montón de exames que teño

que corrir! E dígame: “Ai!, que farían os nenos sen min!”

Seino, seino, o traballo nas fábricas e nos negocios non é doado, o dos estudantes tampouco; mais antes de ser mestre, debes pensar ben na lea na que te metes!



O GALEGO-FALANTE ANDANTE

(Manifesto Correlingua 2017 do IES Alexandre Bóveda)

Aloia Yi Álvarez Paradela, Aroa Pombo González, Carla Freiría Lorenzo (1º ESO-A*)

Este día, o 11 de maio do 2017, foi un día histórico, único e inesquecible para a rapazada do colexio. Todo comezara coma un día cotián. Os nenos e as nenas foron ao colexio e deron as primeiras materias do día. Porén, na clase de galego, a mestra comezou a explicar os lugares nos que se falaba a nosa lingua. A mestra contou unha historia increíble que fixo que se decatasen da súa importancia e de como sería a nosa comunidade se empregásemos o galego en todos os ámbitos de uso. A historia dicía así:

- “Nunha afastada illa vivía o capitán Xoán, o pirata máis temido dos sete mares. El ía percorrendo Galiza na busca de tesouros escritos, os poemas. Coñeceu así diferentes galego-falantes de todo o país, entre eles grandes poetas e escritores como Rosalía de Castro, Pondal, Curros, ... Claro que para iso necesitaba saber falar galego.”

- Mestra, mestra! Por iso é tan importante o galego, para coñecer novas persoas, non si?

- Si, Xavi. Por iso e tamén por cultura, xa que hai que falar galego para que a nosa lingua perdure no tempo.

- Agarda un anaco, e quen son Rosalía, Curros e Pondal?

- Pois son tres poetas moi importantes do Rexurdimento de Galiza. Rosalía publicou *Cantares Gallegos*; Curros, *Aires da miña terra* e Pondal, *Queixumes dos pinos*.

- Ah... e o pirata atopou algúns deses escritos?

- Atentos, escoitade, non vos vou revelar aínda a historia. Por onde iamos? Ah! “O capitán Xoán percorreu Galiza enteira durante anos, coñecendo cada lugar como pode coñecer o seu lar. Fixábase en todo, nos graffitis, nos carteis das tendas, nos xornais e mesmo nas canles de televisión. Ao final decatouse de que se utilizaba o galego na prensa, botaban moitas canles de televisión en galego, tamén deseñaban graffitis en galego... Falábase nas redes sociais en galego, cada mañá ían mercar o pan e falaban en galego. Galiza falaba a

O BESBELLO SALTÓN 2018

súa lingua e todos estaban orgullosos.

O capitán conseguiu facer unha noticia e publicala nun xornal, de feito conseguiu que estivese na portada. A noticia titulábase “En galego, sen cancelas” e falaba de que a nosa lingua non tiña límites e, se a empregásemos decote, teríamos un futuro mellor como galegos e galegas que somos.”

- E así remata a historia?

- Si, iso é todo.

- Ben!!

- Que aprendestes de todo isto?

- Que o galego é moi importante e, por tanto, é unha lingua que debemos falar e escribir.

- Si, debemos gañar, para poder continuar.

- Si, debemos aprender e protexer a nosa lingua.

- Pois xa sabedes nenos e nenas, hai que falar galego para conservarmos a nosa prezada lingua. Xa sabedes o que tendes que lembrar.

- Si... EN GALEGO, SEN CANCELAS!



MARÍA VICTORIA MORENO

Letras Galegas 2018

Lorena Pérez Torrón (Dep. Lingua Galega e Literatura)

A autora á que se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas foi docente de literatura en Pontevedra, escritora, editora, estudiosa da literatura e mesmo libreira. Estremeña de nacemento, pasou a súa infancia e mocidade en Segovia, Madrid e Barcelona. A Pontevedra chega en 1963 debido ao destino docente do seu marido José Luís Llácer, profesor invidente nunha escola da ONCE. En 1965 aproba as oposicións ao ensino e dá clases en Lugo, onde coñece a Xesús Alonso Montero. El influirá no compromiso de María Victoria co ensino da lingua e literatura galegas durante o franquismo.

En 1973 publica *Mar adiante*, libro infantil sobre o ensino libre nun barco. Publica tamén a antoloxía *Os novísimos da poesía galega*. Nese mesmo ano abre con outros socios a librería Xuntanza en Pontevedra, onde vendían libros prohibidos polos censores da ditadura.

Nos anos seguintes publicou diferentes obras entre as que destacan:

Leonardo e os fontaneiros (1986). Leonardo é un can de palleiro, sen dono, que se converte en amigo e confidente do neno Antón Andrade.

Anagnórise (1988). Novela xuvenil recoñecida na Lista de honra IBBY e considerada un clásico da literatura xuvenil galega. Relata a historia dun adolescente que foxe dos problemas a Madrid e que atopará na condutora que o recolle e leva unha guía para a reflexión sobre a súa identidade e madurez persoal.



“As persoas estamos feitas para levar a cabo os proxectos máis fermosos”

“Vai sendo hora de que confíes e de que poñas en orde o teu mundo, se é que te sentes capaz de miralo cos ollos abertos”

Alés disto, a mediados dos 80 dirixiu a colección *Árbore de Galaxia* e publicou xunto con Rábade Paredes e

Alonso Girgado libros de texto de literatura galega.

De temática semellante a *Anagnórise*, publica en 1999 *Guedellas de seda e liño* (mención especial White Ravens 2002) con dúas personaxes femininas de diferente orixe socioeconómica e étnica.

En 1997 diagnóstícanlle un cancro e deixa o ensino no IES Gonzalo Torrente Ballester. Escribe nun ensaio diferentes reflexións a partir da experiencia da enfermidade: *Diario de luz e sombra* (2004).

“Gustaríame dicir que deixo un ronsel de amor, un bo exemplo e un libro que descubra algo a quen o lea”.

De maneira póstuma en 2006, publicáronse os seus poemas reunidos: *Elexías da luz*.

Escritora galega de elección destacou polo seu compromiso coa lingua e cultura galegas, polo seu labor docente e polo lirismo, naturalidade e emoción das súas obras.

“A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor”.

DÍA DAS LETRAS 2018

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

AS ILLAS CÍES

Marcos Fragueiro Rodríguez (2º ESO-C)

PREMIO 1º CICLO DE ESO

As illas Cíes son
anchas e longas .
As cores verdosas
coma pedras de esmeralda.

Nas illas Cíes
hai moitas praias
con area fina
coma unha manta.

Nas illas Cíes
na beira do mar
hai peixiños
que xogan sen parar

Hai quen pensa
que non debemos pescar
porque os peixiños non
poden
volver xogar.



SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

MUDA

Iago Comesaña Soliño (4º ESO-A)

PREMIO 2º CICLO DE ESO

Aqueles sorrisos,
aqueles soños,
aquelas aventuras,
aqueles bicos.

Todo mudou,
bágoas, insultos.
Todo cambiou,
soidade, pesadelos.

Volver atrás no tempo,
o único soño que agarda.
Deixarte atrás,
o único pesadelo que ensina.



O BESBELLO SALTÓN 2018

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

rede social

Aitana Veloso Quiñay Sara Faro Lubiáns (1º BAC-E)

PREMIO BACHARELATO

Eu tampouco son inmune á inmundicia da minha raza
eu tamén gozo do pracer do feo
do abobinábel
e sucumbo ao ditaminado

ergo a man, cedo, venero a minha imaxe,
renego dela, xogo nunha ruleta

que ás veces dá en me conceder a vitoria fronte ao espello

e noutrora, dispara a *queimarroupa* na boca do estómago.

sublévome ficticiamente

corrupta,

filla primixenia, xestada no ventre da rede social.

Berro ben baixinho,

e temo ass que escoitan o ouveo

da consciencia extracorporal

porque eles poden xulgarme

como farsa

disparate

loba domada.

Eu tamén gozo do pracenteiro sometemento

entrego a vida e a arrebatado.



O BESBELLO SALTÓN 2018

Cunha man fustrigo ese insaciable desexo das outras
de seren coma min, acaso;
mentres, ca outra agardo estoicamente
a caricia da fusta allea
que dea en me converter en calquera
que non sexa eu.



TOLOSCONTOSCURTOS

MEMORIAS E VONTADES

Carla Freiría Lorenzo (2º ESO-B)

PREMIO 1º CICLO DE ESO

Xa, xa sei que estades asombrados, un gato falando, perdón, falando non, escribindo as súas memorias. Chámome Mousse, ou iso dixéronme cando nacín.

Eu era un pequeno gatiño de pai descoñecido até que a neta do meu amo se fixou en min. Ela, que só tiña ollos para os cans. Bah, en fin, encaprichadiña de ter unha mascota decidiu levarme á gran cidade e aí comezou a miña aventura. Naquel edificio non teñen xardín e o pouco que hai está totalmente dominado polos cans, así que saír a dar unha volta pode ser moi perigoso. Daquela, dedícome a ollar polas fiestras, que non vos pensedes que é aburrido, cada día pasan cousas novas.

Esta casa ten grandes fiestraxes e está preto do mar polo que as gaivotas veñen facerme rabiñar. Cando penso que xa as teño entre os dentes bato contra o cristal. Até que un día na xanela do patio asomaron dous paxariños e non pensei máis. Lanceime a por eles mais esta vez non había cristal, a ventá estaba aberta e tiveron que tentar voar. Pechei os ollos, abrín as patas nun intento de planear pero

se algo me salvou a vida foron os cordeiros do tendal da veciña.

A partir de aí toda a miña vida mudou durante uns meses. Primeiro a veciña avisou os meus donos, que me estaban a buscar; despois alá que vamos para urxencias, e alí, sabes o que me dixeron? Unha pata traseira rota por dous lados e a queixada desencaixada! O que me faltaba, unha noite ingresado, unha venda que tiveron que arrincarme centos de veces... Xa nin o quero lembrar!

Ao día seguinte viñéronme buscar e leváronme á veterinaria de sempre. Despois unha operación, e outra máis. Porén, o que menos me gustou disto foron as curas na casa. Que manía de andar a fuchicar onde non deben!!! Por que son eu, que se non levaban unha gaduñada e para diante!

En fin, xa curadiño non volvín ter máis percances dese tipo, e non vexas como me divirto facendo trasnadas na casa. Subindo os andeis, eses onde os humanos teñen plantas e testos que non queren que tire... bah, xa chegará o momento de acabar con eles.

O BESBELLO SALTÓN 2018

Onte remexín na terra dunhas plantas e seica ensuciei un pouco a sala... Cando vin a expresión de anoxo da miña dona puxen esa cariña de “eu non fun” coa que sempre encandilo os humanos, que non é que lle quite a razón, mais abrándalle o corazón.

Seica din que xa case son adulto e próximas a min viven algunhas gatas, así que corren rumores de que me queren capar. Mais, como non estou de acordo con esta circunstancia que, digo eu, non é natural, deixo escrito que me nego e se non terei que voltar voar...



TOLOSCONTOSCURTOS

DIARIO DUNHA MENTE LIBRE NUNHA PRISIÓN

María González Martínez (4º ESO-D)

PREMIO 2º CICLO DE ESO

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 12 de marzo de 1832

Atópome, como cada un dos meus apesarados días, neste apagado e lúgubre lugar, acompañada polo inmenso silencio e a fiel soidade, vendo como todos e cada un dos meus desexos non achan satisfacción. O desexo de plenitude e o recoñecemento da miña liberdade como muller, fanme librar unha batalla no meu interior sobre se permanecer neste cárcere de ríxidos ideais ou fuxir cara un utópico paraíso.

A madre superiora, Sor Faustina, unha muller esquiva e arisca, parece unicamente tratar de derrubar todos os meus proxectos e perspectivas de futuro. O seu hábito aseméllase a un vestido de noiva, desgastado polo paso do tempo; a súa cofia aperta o seu osudo e pálido rostro. O exíguo brillo dos seus ollos, reflicte o seu amargo carácter e o seu sorriso, rara vez debuxado na súa face, podería equivocarse cunha mancha de pedras.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 26 de marzo de 1832

Transcorreu máis dunha semana dende a última vez que decidín plasmar os meus sentimentos sobre este inerte papel. Sigo atrapada neste convento, illada da miña liberdade de ideais e da miña oportunidade de loitar por eles.

Non sei canto máis poderei aturar esta condena. Fuxir cara a un afastado e exótico lugar onde poder sentirme valorada e libre converteuse xa nunha necesidade. Ansío poder ser unha valorosa muller e decidir o meu propio destino, que, non é outro que gozar da miña vida e liberdade, mentres loito polos meus ideais.

Miles de interrogantes rondan a miña soberana mente. A data da miña fuxida aproxímase, case podo percibir o arrecendo da felicidade que agarda por min tras estes altos muros

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 3 de abril de 1832

Un escuro manto caeu sobre o ceo, e as baixas temperaturas estaban servidas.

O BESBELLO SALTÓN 2018

A miña necesidade de retiro levoume a camiñar polo frondoso bosque que rodea o convento.

Rosas, mapoulas, margaridas e o maxestoso castiñeiro semellan comprender mellor ca as miñas compañeiras as miñas batallas mentais. Atorméntanme as ansias de independencia, mais non debo adiantarme aos acontecementos.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 12 de abril de 1832

Atópome deitada sobre a miña pétrea cama. Onte tratei de descubrir a maneira de escapar, mais foi un estrepitoso fracaso. Os muros de máis de dous metros de altura e o descomunal cadeado interromperon o meu camiño cara ao meu soño.

Cada día vexo máis afastada a oportunidade de saciar as miñas ansias de liberdade.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 16 de abril de 1832

Cada día que paso entre estas reixas, crávase en min coma un puñal, afógome con cada palabra que non digo, xa que entre estes muros, a miña linguaxe está coartada.

Sinto que cada bocalada de ar fresco outorga ao meu ser un pulo para non

abandonar o meu proxecto, mais afogo metida neste frasco.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 27 de abril de 1832

Observo florecer as flores do xardín, e envexo non poder facelo coma elas.

Gustaríame gritarlle ao mundo que non son unha bolboreta, son un león e que me están a matar as miñas ansias de liberdade, o meu desexo de plenitude.

A xente pensa que as mulleres cos meus mesmos ideais son unhas ingratas, unhas promiscuas, unhas rebeldes, porén, con certeza, podo advertir que somos denominadas con estes pouco acertados adxectivos por ser mulleres; se varóns nacésemos, todos nos apoiarían e seríamos lembrados como valentes.

Estou segura de que hai unha mellor vida afastada deste cárcere cristián e eu morro por vivila.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 1 de maio de 1832

Outro día, outro pesadelo, outro fracaso, un muro máis que se alza ante min. Tentareino unha última vez, a esperanza aínda segue viva no meu interior.

A miña aflición parece poder asolagar todo o convento.

O BESBELLO SALTÓN 2018

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 29 de maio de 1832

Puxen a miña manobra en marcha. Todo parece funcionar. Comezo a ver a luz ao final deste eterno túnel.

Decidín escapar a París, unha nova integrante deste rabaño de Deus faloume sobre esta cidade.

Os meus ollos recuperaron un lene brillo, que a esperanza lles outorgou.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 3 de xuño de 1832

Todo transcorre segundo o planeado e as sospeitas aínda non afloraron entre o resto de mulleres atrapadas nesta paralela realidade.

Se nada se torce, en dez días estarei partindo cara a París, coa maleta baleira e a cabeza chea de ideas e proxectos.

-Rúas de Vigo, 14 de xuño de 1832

Todo o meu esforzo deu os seus froitos, e a miña perseveranza por fin viuse recompensada.

Cada refacho de ar fresco, cada novo lugar, cada pinga de agua da chuvia parecen achegar vida ao meu rostro, apagado pola frustración de me atopar nun cárcere onde son dispar a todos os seus habitantes.

Mañá emprenderei a viaxe máis importante da miña vida con dirección París e sen data de regreso.

-París, 20 de novembro de 1832.

París é coma unha rosa florecente, a chama dun lume imposíbel de apagar, unha onda de mar rompendo contra unha rocha.

É moito mellor que todo o que ouvín sobre esta cidade.

París é ar fresco. Síntome acollida por cada unha das súas fermosas rúas, por cada un dos seus ocupados habitantes.

Por fin principiei a loitar por un mundo xusto, por fin a miña vida retoma a súa cor. Vivo na procura da felicidade e da aceptación de igualdade entre mulleres e homes. Sei que non é unha utopía, sei que o conseguirei. Este cambio de ares fixo crecer en min unha confianza que transmito aos demais.

Por fin son libre, por fin vexo alcanzábeis todos os meus desexos. Por fin son unha muller plena, por fin vivo, por fin son eu.



TOLOSCONTOSCURTOS

TAREIXA E OS SOÑOS

Salma Freire Sousa (2º BAC-D)

PREMIO BACHARELATO

Tareixa ergueuse cedo para despedir a lúa antes de partir. Bicou a sua nai mentres durmía e marchou. Só levou con ela aquela maleta vella que o seu avó levara a Cuba cando tivera que emigrar, tan baleira de obxectos e tan inzada de soños.

Agora hai un ano que o avó está enfermo. A ela dinlle que se esquece das cousas e que por iso o teñen engaiolado naquela residencia na que non pode ver o mar. Tareixa pensa que iso é ridículo, pois ninguén pode ter en mente todos os recordos que viviu, e máis se é unha vida tan longa como a do avó. Esquecerse deses pensamentos nunca foi un motivo para non camiñar baixo a chuvia, en liberdade, ou para asomarse á rúa para escoitar e contemplar como cantan os paxaros.

Por iso emprendeu esta viaxe. Quería cumprir todos os soños do avoiño para gardalos, un a un, naquela vella maleta e soltalos diante del, para que fose feliz sempre.

Para o primeiro soño, tiña que coller un autobús e ir cara á aldea do seu avó. Cando el era neno, os seus pais non tiñan moitos cartos. Os días que pasaban fame

na casa e as súas irmás choraban, subíase á cerdeira do seu xardín e collía unha manchea de cereixas, que repartía coidadosamente. O avó, garda o sabor daquela froita na sua gorxa, sempre quixo volver a arrincalas el mesmo, mais a idade prohibiullo.

Tareixa sabía o que tiña que facer. Ao chegar á aldea, visitou a casa do avó e, daquela cerdeira arrincou unhas cereixas. Con decisión volveu coller o autobús que a deixaría na cidade. Alí cavilou cal sería o mellor lugar onde plantar aquelas sementes, e... xa estaba. Ía plantalas no xardín da residencia e así, cada vez que o avó asomase a cabeza pola fiestra, vería reflectida a súa infancia.

Gardou o soño con forza na maleta, e continuou.

A avoa morrera tres anos antes de que o avó caera doente.

O segundo soño do avó era estar sempre a carón dela. Queríanse e respetábanse. Sentíanse libres estando xuntos.

Cando o avó emigrara, no barco coñeceu unha muller intelixente, fermosa e segura de si mesma. Namorarse foi cuestión de segundos. Cando chegaron a Cuba a avoa

O BESBELLO SALTÓN 2018

entregoulle unha carta, tiñan medo de non volveuse a ver. Cando baixaron do barco o avó non sabía onde metera a carta da súa namorada. Tentouna buscar, mais non tivo resultado.

Ao cabo dun mes, os amantes volveronse cruzar no mesmo camiño e nunca se separararon máis.

Tareixa decidiu buscar aquela carta. Viaxou até o porto no que embarcaran, percorreu a casa do avó... Finalmente, cando pensou que todo estaba perdido, descubriu un dobre fondo na maleta e nel a carta na que a avoa declaraba os seus sentimentos ao avó.


Cada vez que o avó mirase aquela carta, lembraría a súa xuventude e estaría eternamente co seu amor.

Gardou o segundo soño con agarimo, dento da maleta.

Os curmáns de Tareixa case non pasaran tempo co avó. Os pais deles enfadaranse e prohibiranlle aos fillos estar con el. O terceiro soño do avó era, precisamente, poder ser avó. Tareixa os reuniu e, xuntos, visitaron na residencia. Ao avó brillabanlle os ollos. Nunca o viran tan emocionado. Non falaba moito, mais ao contrario do que dicían del os médicos, o avó decatábase perfectamente de todo o que estaba a acontecer. Alí, Tareixa ensinoulle a árbore (a súa infancia), entregoulle a carta da avoa (a súa

xuventude) e, por último, mais non menos importante, todos os netos deron unha forte aperta ao avó, cumprindo así o terceiro soño de poder coidalos a todos e estar xuntos (a súa vellez).

A súa enfermidade fixo repetir o ciclo e, así foi como o avó foi dúas veces neno e unha vez home. Grazas á súa neta cumpriu os seus soños.



O BESBELLO SALTÓN 2018

Este curso 2017-2018 creouse no noso centro un equipo formado por alumnos e alumnas que decidiron dar un paso adiante pola nosa lingua e aprobaron 15 obxectivos para defendela e estendela entre a mocidade. Estes son os obxectivos. Se estás de acordo con eles e decides seguiilos, xa pertences a *ENCHENTA GALEGA*. Só tes que enviar un correo electrónico a galegoboveda@gmail.com para recibir información de actividades e reunións ao longo do curso.

OBXECTIVOS DO ALUMNADO

ENCHENTA GALEGA

1. Dinamizar o uso activo da lingua a través de intervencións consensuadas co grupo.
2. Normalizar o uso da lingua nos cartaces do centro, tanto na aula como nos corredores e entrada.
3. Recibir sempre a información de actividades extraescolares na nosa lingua.
4. Estender o uso do galego nas notas particulares de cada estudante: axenda, horario de curso, lembranza de tarefas, data no encerado...
5. Realizar as comunicacións dos delegados e delegadas de curso en galego.
6. Tentar estender o uso oral nas conversas informais entre o alumnado.
7. Falar cos profesores sempre en galego.
8. Realizar os escritos de demandas ao Grupo Directivo na nosa lingua.
9. Falar en galego nas reunións onde o alumnado teña representación: os delegados co Grupo Directivo, nas reunións do Consello Escolar...
10. Fomentar o uso da nosa lingua no móbil e nas redes sociais. Instalar o dicionario da RAG e o de Porto Editora.
11. Realizar a revista do centro *O Besbello Saltón*.
12. Realizar programas de radio para publicar nun blog do instituto, creado *ad hoc*, ou como *podcast* na web do centro.
13. Creación dunha plataforma dixital propia (blog, páxina web) para o desenvolvemento de contidos de lecer en galego.
14. Crear público para o teatro en galego.
15. Desenvolver accións a prol da igualdade e contra o acoso escolar.

EXPERIENCIAS NA ESO

Nerea Pallarés Barca (1º ESO-C)

Non sei se a vós tamén vos pasou, mais eu polo menos tremín cando escoitei a palabra instituto acompañada de dúas palabras máis: “debes ir”. Si, chamádeme tola, esaxerada, indolente... Mais sentín unha sensación un pouco ridícula: temor. “Os compañeiros, malísimos! Os mestres, coma ogros! E mellor non falemos do director!” Eran frases que non deixaba de escoitar e tiñamos que admitir que a miña idea do temido instituto, se debía a algo... Cando pisei por primeira vez aquel lugar, tan detestado por case todos, pensei que me esperaría unha estada algo longa, porén, así a primeira vista... non estaba tan mal! Entrei na miña aula e non me sorprendín. Era coma outra calquera: con moitos pupitres, unha cortiza e un enorme encerado.

Os meus compañeiros, de momento, non me pareceron tan malos, nin ignorantes: Estaba o típico gracioso, o “espilido de máis” e fachendoso, o común grupiño de nenos curiosos e cuchichas, o dos raros (en opinión do resto) e despois dúas nenas ás que non podían incluír en ningún grupo; pois eran totalmente distintas do resto.

E, como xa vos imaxinaredes, unha delas era eu. No entanto, xa non me sentía en

soidade, pois xa tiña a amiga perfecta! Hora de coñecer os nosos profesores. Non podía estar máis nerviosa, serían uns orcos e unhas meigas, como o que escoitaba eu ultimamente?

Pois non! Todos eran xeniais, cada un ao seu estilo; mais eran boas persoas que nos recibiron de forma incríbel. Estaba o simpático, que sempre acababa sendo o preferido da maioría; o agarimoso, do que sempre te encariñas moi rapidamente; o comprensivo, o traballador... Nada fóra do normal! Nin orcos, nin ogros, nin meigas! Vaites, vaites! E a directora, un encanto tamén! Recibiunos amabelmente e de forma agradábel. Se é o que dixen dende o “principio”! Por que debemos sentir medo?

Non digo que o instituto sexa o lugar máis atractivo do mundo, porque nin o penso, e porque se non os mozos me tiran tomates! Penso que é un lugar fantástico para formarte e aprender todo o necesario; para coñecer ese amigo que te acompañará nos momentos malos e vivir unha experiencia única, chea de risas e de bos momentos.



UNIÓN DE VARIÁBEIS

Antía Ferradás Pazos (1º BAC-A)


1º premio do VIII Concurso de Relatos Matemáticos

Asomaba o sol na cidade de Pitágoras e os cidadáns preparábanse para asistir á voda entre unha variábel independente e outra variábel dependente. Ían os noivos nunha magnífica fracción; detrás, o número complexo formado por logaritmos e incógnitas entre o bulicio da música interpretadas polas derivadas.

Entraban os noivos na Casa do Concello, o cal era unha magnífica sala adornada por conos e iluminada con parábolas. Oficiaba a cerimonia un segmento rectilíneo.


Todo transcorrería con normalidade, de non ser por un número positivo e outro negativo que foron difíciles de despexar e comezaron a discutir co noivo. Entrou o xuíz coa regra de Ruffini baixo o brazo e, como primeira precaución, mandou encerrar o namorado entre corchetes. Logo, collendo á noiva (a variábel independente), levouna á sombra dun vector, onde se dedicou á tarefa de derivala. Mentres tanto, a noiva, cos senos despexados e as súas rectas paralelas tendendo ao infinito, vía como o xuíz tiraba o seu factor común, o cal ía tomando valores moi, moi crecentes.

Os convidados, alarmados pola transformación, colleron o xuíz entre parénteses e elevárono á novena potencia, lanzándoo cara ao infinito. E ficou a variábel X ao bordo da ecuación. O noivo, pola súa parte, foi un ser despexado que andara erróneo de raíz en raíz e mais de radical en radical até que decidiu ingresar no convento do paralelogramo.



π


\sqrt{x}



ADA LOVELACE

Alfredo Rodríguez Naz (Dep. de Matemáticas)

Augusta Ada King-Noel, Condesa de Lovelace, nada como Augusta Ada Byron en Londres o 10 de decembro de 1815 e finada na mesma cidade o 27 de novembro de 1852, foi unha matemática e escritora británica principalmente coñecida por ser a primeira programadora do mundo. O seu talento matemático conduciuna a unha relación de amizade prolongada co matemático inglés Charles Babbage, precursor da computación. Charles Babbage ficou tan impresionado coa capacidade analítica da moza Ada que a alcumou como “A encantadora de números”. Lovelace naceu como a filla única e lexítima do poeta George Gordon Byron, Lord Byron, e a súa esposa a baronesa e matemática Anne Isabella Byron. A nai de Ada promoveu o interese de Ada nas matemáticas e a lóxica. Tivo como profesor particular o famoso matemático e lóxico Augustus de Morgan, o cal tivo un “problema” con ela: informou



a lady Byron de que a súa filla non se contentaba con aprender as leccións como



calquera dama, e as súas preguntas ían moito máis alá do que trataban nas clases. De Morgan cría (como case toda a sociedade neses tempos) que as mulleres non estaban feitas para estudar os fundamentos das matemáticas nin doutras ciencias, en definitiva, inquietáballe que a súa alumna pensase “coma un home”.

Chamou ao seu traballo as *Notas*, que consistía no seu propio estudo sobre a máquina analítica de Babbage. Distinguía con claridade entre datos e procesamento, pensamento revolucionario no seu tempo. Ada aspiraba a crear a informática, que ela chamaba a ciencia das operacións. As Notas foron etiquetadas alfabeticamente do A ao G. A nota G estaba dedicada ós números de Bernoulli. Neste apartado Ada describe con detalle as operacións


O BESBELLO SALTÓN 2018

mediante as cales os cartóns perforados "tecerían" unha secuencia de números na máquina analítica. Este código está considerado como o primeiro algoritmo especificamente deseñado para ser executado por un ordenador. Porén, podemos concluír que a nota G é o algoritmo de Ada, así que ela é recoñecida como a primeira programadora da historia. Lovelace é a nai da programación informática. Ela asinou coas súas iniciais A. A. L., para evitar a censura por ser muller. Ada mantíña a súa ligazón literaria chamándose a si mesma a científica poetisa ou a analista metafísica.

Foi soterrada por petición propia ao carón do seu pai, no cemiterio da igrexa de Santa María Magdalena, en Hucknall, Nottingham.

A linguaxe de programación Ada, creada polo Departamento de Defensa dos Estados Unidos, foi nomeado así en homenaxe a Ada Lovelace. En 1997 estreouse o filme sobre a súa vida *Conceiving Ada*. "O día de Ada Lovelace" é un evento anual celebrado a mediados de outubro cuxo obxectivo é o de "elevar o perfil das mulleres na ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas". A *Iniciativa Ada* é unha organización sen ánimo de lucro dedicada a incrementar a participación e

dedicación das mulleres na cultura libre e nos movementos *open source*.



NINA KARLOVNA BARI

Saúl Estévez Guntín (Dep. de Matemáticas)

Naceu o 19 novembro de 1901 en Moscova e morreu na mesma cidade o 15 xullo de 1961. Os pais eran Olga Eduardovna Seligson e Karl Adolfovich Bari, médico de profesión.

Nina Karlovna foi educada nunha escola privada para mozas, en Moscova, onde mostrou un grande potencial para as matemáticas. Neste tempo, a educación das mozas en Rusia era de calidade inferior e os exames finais máis simples que os dos mozos. Con todo, Bari quixo amosar o seu nivel en matemáticas, dando o paso altamente inusual de presentarse ao exame dos varóns.

Após a Revolución de Outubro de 1917, o partido bolxevique presentou reformas educativas importantes. O ano 1918 sería o primeiro no que ás mulleres se lles permitiu matricularse na Universidade Estatal de Moscova. Bari conseguiu as cualificacións de entrada para a Facultade de Matemáticas e Física na que había un ambiente de investigación moi vigoroso.

Alí, na Escola de Matemáticas de Moscova aprendeu baixo a influencia de matemáticos de clase mundial, como Nikolai Nikolaevich Luzin, Sergei Alekseevich Chaplygin, Dimitri Fedorovich



Egorov, Vyacheslaw Vassilievich Stepanov e Nikolai Egorovich Zhukovsky, entre outros.

Estes anos de estudante de Nina Bari coincide co crecemento da célebre Escola Matemática de Moscova, que tivo unha influencia moi grande no subseguinte florecemento das matemáticas na Unión Soviética. A escola estaba encabezada por Luzin, baixo cuxa orientación Nina Bari iniciou o seu traballo matemático, empezando a estudar o problema da unicidade das series trigonométricas, ingresando nun grupo chamado Luzitania (pois Luzin era o seu director).

Graduouse en 1921, completando o curso de catro anos en tan só tres, sendo a primeira muller en graduarse na Universidade Estatal de Moscova. Logo comezou a súa carreira docente, ensinando matemáticas en variadas institucións.

O BESBELLO SALTÓN 2018

Presentou os resultados das súas investigacións na Sociedad Matemática de Moscova en 1922 (foi a primeira muller en exporperante esta sociedade). En 1926, Bari completou a súa tese de doutoramento cunha investigación sobre as expansións trigonométricas. A calidade excepcional da mesma valeulle o Premio Glavnauk. En 1927 viaxou a París co fin de estudar na Sorbona e no College de France, onde asistiu ás clases de Hadamard. Posteriormente asistiu ao Congreso Matemático polaco en Lwów, Polonia; onde obtivo financiamento para sufragar o seu regreso a París a continuación dos seus estudos.

En 1932, Bari logra ser profesora na Universidade Estatal de Moscova e en 1935 concédeselle o título de Doutora en Ciencias Físicas e Matemáticas, un título de investigación máis prestixioso que o tradicional Ph.D. Naquel momento, Bari xa completara o seu traballo fundacional sobre series trigonométricas e era recoñecida como un dos matemáticos principais na teoría de funcións dunha variábel real. As series trigonométricas teñen unha enorme aplicación en matemáticas, física e enxeñaría, como por exemplo a resolución de ecuacións diferenciais, o estudo dos fenómenos ondulatorios, o fluxo de calor, o procesamento dixital de sinais, ... A saída

$$\frac{a_0}{2} + \sum_{k=1}^{\infty} [a_k \cos(kx) + b_k \operatorname{sen}(kx)]$$

de Luzin da universidade moscovita en 1935, deixou a Bari e ao seu colega Menshov como os encargados de liderar a Escola de Teoría de Funcións, colaborando en moitos traballos.

Bari foi unha matemática excepcional que escribiu máis de cincuenta artigos de investigación, exercendo unha grande influencia no desenvolvemento de ramas fundamentais da teoría de funcións como a teoría das series trigonométricas, series ortogonais, etc. Moitas das súas investigacións son consideradas clásicas, como o seu artigo da teoría de unicidade de representación de función por series trigonométricas, que foi traducido ao inglés e publicado como libro de 90 páxinas pola Sociedade Matemática americana en 1951.

Bari tamén escribiu libros de texto para uso en institutos de adestramento docente como Máis Alto Algebra (1932) e A Teoría de Serie (1936). Editou os traballos completos de Luzin e foi a editora de dúas importantes revistas matemáticas. Ademais do seu interese polas matemáticas, xa mencionamos o seu amor polo sendeirismo, pola música e as artes, como o ballet, a literatura e a poesía. Morreu atropelada por un tranvía en Moscova.

O BOSQUE ENCANTADO

Aroa Pombo González (2º ESO-A)

Atopámonos en Cangas do Morrazo, na parroquia de Aldán, nun lugar coñecido como a Finca do Frendoal ou a Casa do Conde, chamada así porque antigamente era propiedade dos Condes de Canalejas. Actualmente pertence ao Concello de Cangas.

A finca era empregada por esta familia nobre como lugar de lecer e de descanso. O Frendoal estivo unido á Finca do Pazo-Torre de Aldán até principios do s. XX, cando quedou dividido polo trazado da estrada PO-315, que nos leva de Cangas a Bueu pola costa.


O acceso á finca é tan só uns pasos máis adiante dunha ponte medieval xunto o lavadeiro do ría Orxas. Camiñando pola beira do río podemos enxergar o Castelo. Comezou a construírse nos anos 60 e xamais foi rematado. Conserva incólumes os seus torreóns e ameas. Na súa fachada frontal hai un pequeno foxo e unha ponte levadiza, apreciabelmente deteriorada.

No que na antigüidade foran os xardíns da Casa do Conde, coñecidos coma “Xardíns históricos”, podemos contemplar castiñeiros, carballos, bidueiros e outras especies autóctonas coma o loureiro e os fentos que conforman un bosque formidábel.

Uns metros máis adiante podemos albiscar un acueducto de estilo medieval, coñecido co nome de Arco dos Mouros ou Arco da Condessa. A súa orixe é románica. Era empregado para conducir as augas dunha mina situada na parte máis alta da finca até unha industria de salgadura, situada baixo o Pazo-Torre de Aldán. Anos máis tarde, a utilidade do acueducto pasou a ser agrícola tras ser restaurado polo conde.

Agora que xa coñecedes este lugar, agardo que vaiades visitalo. Moi pouca xente sabe da existencia desta paisaxe excepcional, e se o Concello de Cangas sinalizase o acceso á Finca e rehabilitase a zona, estaría ao alcance de moita máis xente.

O BESBELLO SALTÓN 2018



OUTROS TEMPOS

Nerea Pallarés Barca (1º ESO-C)

Arredor do século XVII, cando as tecnoloxías aínda non chegaran á nosa vida, e cando as terras estaban labradas e cheas de mantos verdes e increíbeis paisaxes que enchían de alegría os ollos de todas as persoas; dúas nenas chamáronme a atención.

Unha delas era alta e delgada, de cabelos longos e de cor intensa e cuns olliños de pícara que chamaban a atención. Sempre tiña un sorriso no seu rostro. A outra tiña o cabelo coma o trigo, longo e dourado, e os seus ollos azuis namoraban a todo aquel que a mirase. Esta outra era un pouco máis tímida.

Mentres os seus pais traballaban no campo, elas botábanse pola herba e non paraban de rir! Enchían de ledicia aquel lugar. E, sempre, ao rematar o día, reuníanse nun lugar máxico dende o que se miraba o solpor, e pedíanlle un desexo: “Que o día seguinte fose mellor ca o anterior”. Era a maxia da infancia!

Mais, todo iso cambiou co tempo. Ambas as dúas medraron e deixaron a maxia e a fantasía atrás. Porén, tiñan por diante moitos soños que cumprir. Daquela, a sociedade estaba moi mal organizada e as mulleres tiñano moi difícil para conseguir

un traballo polo que merecese a pena loitar. No entanto, elas eran mulleres loitadoras e non deixarían pasar os seus soños por nada do mundo.

A máis nova quería ser pintora e a outra soñaba con ser médica. As dúas eran moi boas nesas profesións. A médica estaba a investigar unha forma de previr e erradicar a peste, que era unha doenza mortal e moi común daquelas épocas. Mentres que a pintora ilustraba os problemas da sociedade do século e a luxosa vida dos reis e da nobreza.


Un marabilloso día, a médica deu co que procuraba. Descubrira como curar a peste! E decidiu partillar a súa teoría coa sociedade. Mais toda a nobreza pensaba que era unha locura e que era imposíbel que unha muller puidese chegar a facer tal descubrimento. E non tivo a oportunidade de explicar a súa teoría. Mais non só a médica descubrira algo increíble. A pintora descubrira unha nova forma de pintar. Enchía os seus cadros de cores alegres e reflectía os problemas da sociedade dunha forma imaxinaria e positiva.

Un día pintou coa súa nova técnica un retrato do rei cheo de cor. Pensou que era

O BESBELLO SALTÓN 2018

fermoso e intentou venderllo. Ao rei pareceulle incríbel, mais só lle pagou catro pesos porque “unha muller era demasiado inútil para ser pintora”. As dúas chegaron chorando ao seu lugar de reunión, que había tempo que non visitaban. E fronte ao solpor pronunciaron: “Oxalá que retomemos a forza necesaria para seguir loitando e acadar os nosos soños”.

Algo máxico sucedeu aquel día xa que, días despois, o rei enfermou de peste. E a que non sabedes a quen recorreu? Pois á médica máis loitadora de todas. A médica puido curalo e, dende ese día, a sociedade acadou un nivel de igualdade un pouco máis alto. E por suposto, o rei deulles o recoñecemento que merecían á médica e mais á pintora. Grazas a elas a sociedade está mellor organizada, porén, en moitos países aínda non se acadou un nivel bo de igualdade. Por iso este relato vai dedicado a todas esas mulleres que aínda viven recluídas entre os brazos dos homes e que deben seguir loitando, porque só elas poden frear o machismo.



COMENTARIO A O LAPIS DO CARPINTEIRO DE MANUEL RIVAS

Lydia Lorenzo Cisneros (2º BAC-A)

O lapis do carpinteiro foi un libro que, literalmente, me deixou abraíada. Non tanto pola súa composición (que tamén) senón polo sentimento que o autor foi capaz de transmitir a través das 148 páxinas que ten o libro. Encantoume a habilidade que Manuel Rivas ten para plasmar a realidade e o impacto que teñen as súas metáforas, a través das cales fai denuncia social: di verdades coma puños. Non o fai dunha forma convencional, expondo a idea principal e desenvolvéndoa, senón que a través de xogos de palabras fai que o lector chegue ás súas propias conclusións.

A trama está ambientada na Guerra Civil Española (1936-1939), mais non pretende ser unha novela histórica, senón máis ben unha historia de amor e sufrimentos, que reflicte o horror e a tortura que se viviu nesta época.

Deste xeito, o libro comeza cando un periodista vai visitar a Daniel da Barca (após a ditadura), un médico republicano que vive coa súa muller Marisa. En cambio será outro personaxe, Herbal, quen narre a historia o día da súa morte. Cántalla a María da Visitação, unha das súas mozas do club de alterne.

Este narrador será elixido porque fora o garda da cadea de Falcona e se convertera na sombra do doutor Da Barca, un mozo preso durante o franquismo no cárcere de Santiago de Compostela. Herbal, comezará a mudar a súa visión do mundo dende o momento en que unha das vítimas nun dos seus “paseos”, un pintor, lle regala un lapis de carpinteiro que levará sempre consigo e que á súa vez porta a conciencia do home ao que matou, que o incita a realizar boas accións e o freea cando é preciso. Como figura antagonista sobresaie o Home de Ferro (o ultradereitista sedento de sangue que busca humillar, matar, torturar...).

A historia que o garda narra trata de como o doutor republicano Da Barca puido esquivar a morte no paredón co pelotón de fusilamento e mesmo logrou salvarse dun xuízo sumarísimo. Sobrevive á estancia en varios cárceres e é destinado a Valencia como responsábel dos tuberculosos. Finalmente é liberado nos anos 50. Neses mesmos cárceres loitará por manter a súa relación sentimental con Marisa Mallo, coa que casa estando os dous afastados, por poderes. De feito, a noite de noivos será moito tempo despois,

O BESBELLO SALTÓN 2018

cando o doutor é trasladado do cárcere de Valencia á illa de San Simón, grazas a un favor do propio Herbal, quen lles axuda a pasar a noite en Vigo, nun hotel.

Ao final do relato Herbal regálalle o lapis do carpinteiro a María da Visitação e morre.

Como dixemos antes, o argumento deste libro non fica aí. Outros moitos temas son tratados polo autor. Un dos máis representativos, a pedra angular de toda a novela, é a Guerra Civil: como os intelectuais e os políticos máis célebres foron reprimidos debido a este conflito. En Galiza tivo unha especial repercusión, pois isto supuxo o truncamento do proxecto do Estatuto de Autonomía de Galiza que se estaba a levar a cabo. De feito, o 15 de xullo de 1936, Gómez Román e Castelao entregaron ao Presidente das Cortes Españolas o texto do Estatuto aprobado en referendo, para o inicio dos trámites para a súa aprobación. Debido ao estalido do conflito tívose que pospor e ser aprobado no exilio anos máis tarde.

Hai unha frase moi curiosa, na que se afirma que “España enteira é un cárcere”. Non podería estar máis de acordo, pois ninguén podía saír do país e non ser asasinado no intento. Todos os esforzos por alcanzar a liberdade eran inútiles. Se conseguían saír dun cárcere era só para



acabar no paredón e, no remoto caso de que se puidese saír do territorio non había lugar onde ir. Italia estaba cercada por Mussolini, Alemaña polo Hitler, e as ideas roxas ficaban tan afastadas de Europa que parecían un soño. Esta idea resúmese no capítulo 1: “As fronteiras de verdade son aquelas que manteñen aos pobres apartados do pastel”.

A busca da liberdade era unha meta na que xa moi poucos crían e este réxime foi deshumanizando á poboación. Os cidadáns xa só se preocupaban de chegar vivos ao día seguinte. O país converteuse nunha mancha gris mesturada con sangue e os berro do silencio daqueles que tiñan que calar. Xa non existía amor, por iso Marisa e Daniel eran tan envexados; centralizouse o Estado: todas as decisións proviñan de Madrid, todo o alleo foi reprimido. As linguas que non eran o castelán foron torturadas e reducidas e os seus habitantes tamén. Isto chega, claramente, até os nosos días, só hai que ollar ao noso redor. A nós mesmos.

Paradoxalmente as maiores alegrías, os espíritos de loita, residían nos cárceres,

O BESBELLO SALTÓN 2018

onde eran levados os soñadores, os que aínda crían que a situación podía mudar e que estaban dispostos a pagar coa súa vida o prezo que supuña un futuro mellor e luminoso. Na actualidade, isto non é tido en conta, pois concíbese como algo afastado. Tiramos pola borda todas esas vidas que deberían servir para construír algo mellor do que temos e non a sociedade na que vivimos, que non valora as culturas, a educación, o intelecto... Ensínanos a ser cidadáns escravos e non pensadores de verdade, que se poidan rebelar contra o establecido, pois a ditadura aínda segue en pé e ninguén se decata. Todos os días roubannos os nosos dereitos, a nosa felicidade, a xustiza é inexistente (o exemplo máis claro foi a culpabilización de inocentes no caso dos incendios de Outubro de 2017, mentres os verdadeiros culpábeis seguen a camiñar pola rúa).

Outro trazo que temos que destacar é a dualidade da moral de Herbal. Psicoloxicamente é moi complexo. Ten un papel de franquista que debe rematar coa vida de todos aqueles que loitan contra o réxime. Por outra parte, séntese abraiado pola fortaleza e a intelixencia natural do doutor Da Barca, que esperta nel sentimentos encontrados: por unha parte, ódio porque é o home de Marisa (muller que o fascina) mais, por outra parte,

séntese atraído pola súa capacidade de sufrimento, pola súa vontade e por ser capaz de superporse á difícil situación. Ten unha resistencia tanto física (á tortura) como psicolóxica, e unha axilidade mental que lle serve para saír de todos os enredos aos que a vida o somete.


Este “amor-odio” que sofre Herbal tamén se manifestaba no conflito de forma real. Os franquistas mostrábanse coma persoas duras, arrogantes, deshumanizadas. Mais cando estás a ver violencia por todos os lados, a túa parte humana abrolla, aínda que sexa mínima. Aínda que só aconteza nalgúns deles. Á fin e ao cabo unha guerra é unha loita bestial entre seres humanos. Todos teñen pernas, mans e brazos. O único que cambia son as formas de concibir o mundo. Por iso os franquistas podían verse reflectidos nas almas dos republicanos e, despois de tanto sangue, remataban por volverse tolos.

A brutalidade dese tempo era tal, que o pai de Herbal afirma (a derradeira vez que faláron) que é un animal mais que nunca matou ninguén: “Dáte por satisfeito se de vello podes dicir o mesmo!”.

Véxome obrigada a rematar este comentario cunha cita do décimo capítulo: “A segunda fauna máis abondosa no cárcere eran as ratas.(...) Que carallo comían? (...) Roen os nosos soños”. Penso

O BESBELLO SALTÓN 2018

que o traballo das ratas aínda ten repercusión hoxe. A Guerra Civil acabou coas esperanzas de todos os cidadáns que se resignaron a se conformar até a actualidade. Porén, agora ten que comezar un novo período no que os nosos sonhos non han ser roídos, senón tecidos polas nosas ambicións, o noso gozo e o desexo por cambiar o mundo. Xa non abonda con pensar que as cousas están mal, deberíamos pasar á acción e seguir os pasos daqueles que xa non poden andar connosco.



SES

Antía Álvarez Pazó (2º BAC-B)

María Xosé Silvar, cuxo nome artístico é Ses, é unha cantautora galega nada na Coruña o 12 de novembro de 1983. A súa obra céntrase nos xéneros rock, blues e música tradicional galega, tendo a meirande parte das súas cancións un trasfondo reivindicativo. A súa canción máis representativa é a titulada "Tempestades de Sal". Cómpre destacar que a súa obra en si é unha reivindicación xa que sempre, actúe onde actúe, canta en galego, amosando deste xeito a capacidade que ten a lingua para expresar o que ela quere transmitir.

Comezou a súa traxectoria coma bailarina e música especializada no folclore galego, non sendo a súa formación artística a única que posúe. Alén disto, Ses é mestra e licenciada en filoloxía galega e antropoloxía social. Case poderíamos dicir que dende nova foi "fan" do galego e agora, mediante a súa música, vains facer "fans" a nós.

O seu despegue na música foi no ano 2007, cando creou o *Chámalle Xis!* xunta tres dos seus mellores amigos. Foi grupo revelación daquel ano, chegando a ser un dos gañadores no concurso Acoruña Son. Tras máis de 30 concertos



por toda Galiza e diversas colaboracións con outros grupos e artistas, en 2010 grava tres temas "Tola atrás de ti", "Admirando a condición" e "Se te vas".

En marzo de 2011 grava o seu primeiro álbum chamado *Admirando a condición*, e en 2013 presenta o seu segundo álbum *Co xenio destrzado*, no Teatro Principal de Santiago de Compostela. En 2015 sae á venda o seu terceiro disco: *Tronzar os valos*.

En novembro do 2016 lanza o single *A Paz Esquiva* e logo o cuarto álbum: *Opoñerse á extinción*. En novembro de 2017 presenta outro sinxelo: *Readmirando a condición*, coma adianto dun novo álbum que recolle tamén as once cancións do seu primeiro álbum, xa que non ficara satisfeita cos arranxos que a discográfica fixera. Así, os doce *tracks* están musicados e producidos pola propia

O BESBELLO SALTÓN 2018

Sés, que non só é unha artista, senón tamén unha executiva.

Gustaríame pór en destaque que Sés é unha artista recoñecida a nivel estatal e enche concertos alá onde vai. Ten feito xiras por toda España e ten moitos seguidores que asisten ás súas actuacións, falen galego ou non. Desde hai xa uns anos, en Galiza, ten o recoñecemento que merece porque é unha das mellores artistas musicais que temos. A mocidade galega debe apoiar a música feita na nosa lingua, dunha vez por todas. Reflexionemos sobre isto.



ENTREVISTA A SILVIA MOSQUERA E IRIA FEIJOO,

ALUMNAS DE 2º BAC



Realizada por Iago Feijoo Rey (2º ESO-A)

Atópome con Silvia Mosquera e Iria Feijóo, alumnas de 2º de bacharelato do noso instituto, para lles facer unha entrevista sobre a súa estadía en EEUU e Canadá respectivamente, onde cursaron 1º de bacharelato.

IAGO Como valoraríades a experiencia do un ao dez?

SILVIA Doce! -ríndose-. Non. É que eu creo que non se lle pode pór nota. Se lla puxese sería a máis alta, e non porque fose unha experiencia perfecta, senón porque me cambiou a vida e... non sei...

IRIA Silvia explicouno ben. Non lle podo pór unha nota porque, se cadra, hai partes que puntuaría máis alto que outras, mais en xeral, como foi unha experiencia moi boa, sempre vas puxar cara arriba. Non o podes valorar obxectivamente.

IAGO Poderíades definir a experiencia nunha soa palabra?

IRIA Transformadora.

SILVIA Si. Quería dicir *eye-opening* – como que me abriu os ollos, que me iluminou, que vin a luz-.

IAGO Silvia, ti fuches a Estados Unidos. Que foi o mellor de alí e que cres que é mellor que en Canadá?

SILVIA Vale, o mellor de EEUU eu creo que son os deportes. Como viven os deportes nos colexios e a importancia que lle dan, os recursos que destinan. Porque lle dan moita importancia e até as vilas máis pequenas como a miña destinan moitísimos recursos. Todo o mundo pode practicar algún deporte. E danche todo gratis, é xenial. Ademais alí podes ir á universidade grazas aos deportes e xente que non ten moito diñeiro pode acceder a moi boa educación grazas a eles.

E algo que sexa mellor en EEUU que en Canadá. Eh... non sei, como non estiven en Canadá, igual... o de ser americano, porque alí se vive moito “o espírito nacional”, posiblemente iso, e a Constitución. Quizais a historia, gústame moito a historia americana e a forma como escribiron a Constitución e como levan eses valores a hoxe en día e como cantan o himno tamén é alucinante. Ese sentimento patriótico.

O BESBELLO SALTÓN 2018

IAGO Iria, ti fuches a Canadá. Que foi o mellor de alí e que cres que é mellor que EEUU?

IRIA O mellor de Canadá eu creo que é a multiculturalidade, porque ninguén é canadense de verdade. Todo o mundo é doutra parte. Entrabas en clase e, ao preguntarlle as orixes da xente, era irlandesa, era arxentina, era italiana, era... de todas partes, alemá... Na miña clase de Historia das Relixións, porque foi xusto nesa na que nos preguntaban polas nosas orixes, traballando as distintas culturas do mundo, preguntábannos de onde viñamos e na miña clase de 20 persoas había 42 nacionalidades distintas.

IAGO De 20 persoas, había 42 nacionalidades?

IRIA Si, porque aínda que eles eran canadenses, os seus ascendentes eran de distintos países de orixe.



En canto a algo que sexa mellor que en EEUU, que non hai tantas armas. Hai maior seguridade.

IAGO Que foi o mellor e o peor da viaxe?

SILVIA O peor para min foi o choque inicial, porque eu fun a unha vila moi

pequena, tiña só 1800 habitantes. Estaba no medio da nada. Entón, pasar de aquí a alí, aínda que xa sabías onde ías, leveino moi mal ao principio. Ademais, a miña familia era moi distinta. Eran cazadores. O primeiro que me ensinaron foi o cuarto da casa onde gardan os trofeos de caza, as cabezas dos animais. A min, que son moi animalista, chamoume moito a atención e á vez, iso tamén foi o mellor porque me axudou a respectar e aprender que aínda que teñamos valores distintos e, aínda que os nosos intereses e ideas políticas sexan distintas, somos persoas e é posíbel levarse ben cunha persoa que pense o contrario.

IRIA Pois o peor para min igual foi adaptarse ao clima, porque eran unhas condicións moi extremas. Cando cheguei ía moitísima calor e pensei que o inverno non podería ser tan malo, mais logo chegou o inverno e puxémonos a menos 30 ou 40 graos Tiñas que saír moi preparado á rúa, completamente cuberta, non podías estar fóra moito tempo. Era todo moi distinto e a forma de vida a esas temperaturas era moi sedentaria, a non ser que saibas facer algún deporte de inverno. Como eu non sabía tampouco me apetecía moito, a verdade, aínda que ás veces o intentaba. Estábase moi ben dentro da casa, moi quentiño. Porén, iso é moi distinto aquí, por iso ao principio

O BESBELLO SALTÓN 2018

custa adaptarse. E o mellor foi aprender doutra cultura e outra xente, convivir con outra familia que non é a túa e acabar formando parte da súa, coma se foses a súa filla, á fin e ao cabo.

IAGO A súa *host filla*

IRIA Si, a súa *host filla*.

IAGO Cando chegastes, o voso nivel de inglés era alto. Mais, decatástesvos que ao principio entendiades a todos? O voso nivel de melloría foi devagariño ou moi rápido?

SILVIA A ver, eu creo que foi moito máis rápido do que esperaba e si, ao principio custábame. Igual non tanto entender á xente. Á maioría si que a entendía, tamén as expresións, non só na linguaxe coloquial, senón que en cada zona teñen certas expresións, entón, a base de ouvilas repetidamente e saber en que ocasións se din, un aprende por imitación. A ver, é un proceso, e recordo que si mellorei moito, no entanto, levou tempo e á fin e ao cabo estás todo o día escoitando inglés. Eu, de feito, desinstalei o *whatsapp* e así me desconectei de falar español. Deste xeito, chega un punto no que te decatás de que estás soñando en inglés, pensando en inglés... Eu noteino facendo cross-country -campo a través- onde estirabamos sempre antes e despois,

e sempre contaba en español até que un día comecei a contar en inglés.

IRIA O meu nivel de inglés cando fun non me parecía tan alto. Ao principio, si que é verdade que a todo o mundo non entendía e tiña que pedirlle unha chea de veces que repetisen, sobre todo ao profesorado. A xente da miña idade, aínda que ás veces falaban con slang – expresións coloquiais - e non sabía moi ben que significaban, explicábacho sen ningún problema. Nas clases, durante o primeiro mes –máis ou menos-, foi moi canso. Chegaba á casa moi cansa de escoitar inglés, tiña que me esforzar moito por entender o profesorado, mais só foi un mes. Daquela a melloría ao falar noteina moitísimo. Ti non te dás de conta e cando comparas como falabas ao principio e como acabas, si que hai un cambio. Por exemplo, as redaccións que tiña que escribir para as clases de inglés en Canadá coas que escribía nas clases de inglés de aquí, esas agora parécenme chupadas.



IAGO Podedes resumir o que máis e menos vos gustou ao longo dese curso *escolar.

SILVIA A min o que máis me gustou foi que, máis ou menos a metade da estancia, me sentin parte da comunidade. Ao

O BESBELLO SALTÓN 2018

principio sénteste fóra de lugar mais chega un momento no que xa fas parte da comunidade. Gustábame facer cousas pola comunidade, axudar os demais e sentía que si que pertencía aí. E o que menos, que co tema dos animais, eu que cada vez estaba máis informada do maltrato animal, pois o estaba vivindo alí xa que era unha vila que a súa economía estaba moi baseada na agricultura e a gandaría. A miña casa estaba á beira dunha leitaría e tamén había unha fábrica de procesado de carne que era onde traballaba a maior parte da xente. Pois, era un pouco duro para min.

IRIA A miña vila era un pouco máis grande que a de Silvia. Tiña 50.000 habitantes, cun nivel adquisitivo bastante alto. Daquela, a sensación de coñecer a todo o mundo, como tiña Silvia, non é a mesma. É máis cosmopolita. Porén, ao principio, no instituto non sabía nin situarme. Para chegar ao miña taquilla sempre tiña que volver á entrada principal para saber onde estaba e non perderme. Ao final, chega un momento en que estás tan afeita a todo que che preguntas por que levas facendo dous meses iso se simplemente cruzando un corredor chegas á túa taquilla. Cando te vas dando de conta de cousas así, é cando sabes que formas parte de alí . Ao principio non coñeces ninguén e, cara ao final do curso,

ía polos corredores e dicía: “Este é tal, este é tal, este é tal...”, e podía falar con calquera persoa. A ver, con todas non, nunca coñeces a todo o mundo. O meu instituto era máis grande que o Alexandre Bóveda e iso que comezaba en 3º de ESO. Resumindo, ao principio sénteste moi fóra de lugar porque só ves caras descoñecidas e no momento que empezan a ser máis caras coñecidas que descoñecidas dis: “Vale, agora si que pertenzo aquí”. É cando a xente te inclúe, é cando a xente pensa en ti. Non sei, nese momento dis: “Agora que por fin formo parte disto completamente, teño que marchar”.

SILVIA Acabo de dar-me de conta de que o peor para min foi que, ao principio, aínda que a xente sexa curriña, e todo o mundo sabe que ti es de fóra, decátaste de que es ti a que ten que facer o esforzo para que te inclúan e tes que ir detrás da xente; tes que esforzarte moito e preguntaste se non estarás sendo un pouco pesada. Iso é un pouco incómodo mais, á fin é un proceso que tes que pasar, senón deixarante á marxe. Tes que demostrarlles que es unha persoa divertida.

IRIA A min o que me resultaba incómodo é que, ás veces, eu lle falaba á maioría da xente sen ningún problema co acento nin nada. No entanto, logo, de

O BESBELLO SALTÓN 2018

súpeto, chegabas e había esa persoa que se cría moi graciosa por rirse do teu acento, e claro, a ti estache a custar falar con eles e entendelaos porque estás a falar nun idioma que non é o teu.

IAGO **Como foron os estudos?**

SILVIA Isto é interesante porque as nosas experiencias son moi distintas, non só porque son países distintos, senón porque son sistemas bastante diferentes entre eles, e tamén co de España. Si que ao principio che custa un pouco máis, porque estás estudado en inglés e con materias como goberno americano, economía americana..., mais, aínda así, eu era a que mellor nivel tiña de alí. En matemáticas, ao comezo, custoume pillarlle o truco. Porén, chegou o primeiro exame e deixáronno facer con libro. Pensei que era unha broma. Ao principio esforzábame moito e logo deime de conta de que podía ter os mesmos resultados sen facer “nada”. Sobre todo se o comparo co que estou facendo este ano, e non había ningún estrés nin nada. Si que aprendín moitas cousas dun xeito moi diferente que aquí en Galiza. O que notaba dos meus compañeiros era que tiñan unha falta de cultura xeral moi grande e que a historia estaba moi manipulada. Vía que os meus amigos non tiñan unha visión crítica das cousas, non

tiñan opinión propia, críanse o primeiro que lles dicían. Claro, estudar a historia aquí e logo estudar a historia americana é moi diferente desde a súa perspectiva, que está super manipulada, coma se fosen os reis do mundo... Chamoume moito a atención toda a importancia que puñan no holocausto, que si que é verdade que foi importante, mais, en contraste, a guerra de Vietnam dábanos por encima.

IAGO **Paréceme curioso unha das cousas que dixeches. Que ao ser un colexio pequeno é moito menos nivel aínda, e é curioso porque ao haber menos xente o profesorado ten máis posibilidades de dar máis nivel, non é o mesmo ter unha clase de trinta, que unha clase de vinte ou quince alumnos.**

SILVIA Claro, eu por exemplo en todas as materias –alí cambiamos de clase en cada materia- eramos menos de quince alumnos. Pero non é só o tamaño da escola senón tamén na zona onde te atopas. Eu estaba nunha zona moi deprimida, moi rural. Se estivese nunha escola privada, nunha zona con máis recursos, seguramente tería máis nivel. No meu caso unha zona de emigrantes sudamericanos sen ningún coñecemento do inglés e o nivel de profesorado tamén bastante baixo. Porén, preocupábanse

O BESBELLO SALTÓN 2018

moito por ti. Todos os meus profes eran á vez adestradores de distintos deportes.

IRIA O meu colexio, era o mellor dos sete institutos da cidade, o privado e o que, talvez, tiña o mellor nivel. A xente que podía pagar ía a ese porque se supoñía que se preparaba mellor a todos os niveis. No meu colexio forzábante moito a facer unha chea de tarefas todos os días. Eu pasábame un mínimo dúas horas a facer a tarefa para o día seguinte e logo, á hora do exame, era moi fácil. Dábanche unha folla de *review* co que ía entrar. Son dúas cariñas, non máis, até para o exame final. Aprendiamos doutra forma. Aprendes máis porque as clases son máis prácticas. Por exemplo, en bioloxía pasábame as clases facendo experimentos; na de fotografía, pasábame a clase tirando fotos. Non é o mesmo que aquí, que se tes unha clase de bioloxía o único que fas é chapar a teoría. Tiña unha clase que era saúde e nela mesturabamos psicoloxía, socioloxía, enfermaría... era unha educación máis práctica. Levas a termo o que estás a estudar e de certa forma apréndelo mellor. Nos colexios hai materias para todos os gustos: cociña, coidar nenos... Eu o que vía era que os meus compañeiros escollían as materias que lles servían para a vida.

Chegas a casa ás catro e media –todo o mundo come no instituto- e ás cinco e media xa estaba ceando. Entón, a tarde que tes para estudar empeza ás sete. Se estudabas dúas horas xa eran as nove, que na súa cultura xa é bastante tarde.

O noso horario era todos os días o mesmo, cambiaba cada semestre.

SILVIA Si, eu pensaba que ao ser así ía ser moi aburrido, no entanto era moi levadeiro.

IRIA Son clases máis longas. Eu tiña só catro materias cada semestre.

SILVIA Eu tiña oito durante todo o curso.

IAGO **Como foi a volta aos estudos en Galiza, tendo un nivel máis baixo?**

SILVIA Eu, que no verán non fun a academia –outros amigos meus si foron para intentar pórse a nivel- non estou tendo problemas, aínda que si que require un esforzo e pór da túa parte mais pódese conseguir perfectamente. Custa moito o choque inicial porque non estás no hábito de estudar tanto e de ter exames tan seguidos. O que peor levei é o estrés, mais se pos traballo e esforzo podes conseguilo perfectamente.

IRIA Na miña clase de matemáticas o nivel era de 3º da ESO, por iso ao chegar

O BESBELLO SALTÓN 2018

de volta e ver as matemáticas dixen: “Que é isto?”. Ao principio custa adaptarse mais acábalo collendo. E son esas materias, matemáticas, química... nas que necesitas unha base do curso anterior máis grande que maior é o choque inicial.

IAGO Cambiariades algo da vosa experiencia?

IRIA Eu creo que non, porque se mudas algo, xa non sería o mesmo. Achegounos a cousas distintas, aínda que o pasases mal nalgún momento.

SILVIA Eu, se puidese, alongaría, porque aínda que sei que o fixen, tentaría decatarme de apreciar de verdade todas as cousas. Pásase nun sopro.

IRIA Eu quizais anotaría algo. Silvia fixo unha canle de *Youtube*, mais eu non fixen nada. Entón, de cando en vez, recordo anécdotas, porén non é o mesmo que se tivese levado constancia de todo dalgunha forma. Tráenme recordos todas as fotos, o anuario... e arrepíntome de non crear algo.

(Vemos o anuario de Iria e rímos de detalles que hai graciosos no mesmo. Como exemplo unha nena que pon no seu pé de foto **the *quote *beside me *is a *lie* e á beira da súa foto non hai ninguén.

IAGO Repetiriades?

SILVIA Mil veces, en bucle.

IRIA Si. Eu non quería volver.

SILVIA Hai que darse de conta de que parte da experiencia é volver.

IRIA É cando empezas a comparar realmente e ves as diferenzas. Apreciar o bo e o malo de ambas culturas.

SILVIA Porque eu creo que o importante deste programa, obviamente porque nos están financiando esta experiencia, que non todo o mundo se pode permitir. O que tentan con esta experiencia é que o que aprendamos alí sirva de experiencia vital, que crezamos como persoas e despois que poidamos aplicalo aquí e devolveo aquí. Porque eu se non me tivese ido, non sería a mesma persoa. Daquela, creo que o que aprendín alí púideno aplicar aquí dunha forma moi boa.

IAGO Grazas ás dúas por me permitir realizar esta entrevista para a revista O BESBELLO SALTÓN



IES Alexandre Bóveda

Auxiliaire de conversation



IMANE MRHAR

24 ans

Marocaine

Après l'obtention d'une licence, spécialité Etudes françaises option linguistique, avec les connaissances théoriques acquises durant mon cursus universitaire, J'ai bénéficié d'un stage, occupant le poste auxiliaire de conversation dans le but d'approfondir mes connaissances. Actuellement je travaille comme auxiliaire de conversation française en Espagne, je suis affectée dans un institut IES Alexandre Bóveda à Vigo, Galicia, mon contrat est établi du 1er octobre 2017 au 31 mai 2018.

Personnellement cette expérience m'apporte énormément des choses beaucoup plus que je ne l'avais pensé avant d'arriver à Vigo. Ça me permet moi de découvrir plus la langue française et comment elle est construite, ensuite ce qui est intéressant au niveau du travail en


tant qu'auxiliaire c'est le fait d'avoir des connaissances sur une autre culture. Pour moi assistant de langue c'est le meilleur programme d'échange au monde. Ensuite ce stage a confirmé mon choix de départ: devenir Professeur du français. Il m'a permis de mieux cerner le métier et d'avoir une expérience avec des élèves. J'ai été très surprise de voir à quel point j'étais à l'aise dans ce que je faisais et à la vitesse à laquelle je me suis adaptée sans que l'on me dise quoi faire! Je trouve mon expérience très enrichissante car je m'adapte au système éducatif espagnol, je me considère réellement intégrée à l'équipe pédagogique en plus il y a une très bonne ambiance de travail régnée entre les professeurs et les élèves. Ce stage a vraiment répondu à toutes mes attentes et questions. J'ai été très bien

O BESBELLO SALTÓN 2018

accueillie, les étudiants se sont vite habitués à moi et j'ai pu faire toutes sortes de choses que je ne pensais même pas faire ! Je suis vraiment très heureuse que cette année scolaire se soit aussi bien passée! Elle m'a apporté beaucoup de choses sur la manière d'enseigner.

En résumé, une expérience très enrichissante pour moi à niveau professionnel et personnel qui m'a permis

d'échanger des connaissances et surtout de découvrir la culture espagnole et spécifiquement la culture galicienne. Pour cela, séjourner à l'étranger représente une opportunité pour moi de maîtriser la langue espagnole et d'en savoir davantage sur une culture qui me passionne. En fin, je tiens à remercier tout le cadre professoral et administratif du IES Alexandre Bóveda.



IMANE MRHAR

24 anos. Marroquí. Auxiliar de conversa no noso centro

Despois da obtención dunha licenciatura, especializada en estudos franceses na opción de lingüística, cos coñecementos teóricos adquiridos durante o meu percorrido universitario, tiven a oportunidade de facer as prácticas ocupando unha praza de auxiliar de conversa co obxectivo de aprofundar nos meus coñecementos. Na actualidade, traballo como auxiliar de conversa francesa en España, con destino no IES Alexandre Bóveda de Vigo, en Galiza, e o meu contrato está establecido desde o 1 de outubro de 2017 até o 31 de maio de 2018.

Persoalmente esta experiencia achegou moitas máis cousas das que pensaba antes de chegar a Vigo. Permitiume descubrir máis a lingua francesa e como está construída. O interesante do traballo de auxiliar é ter coñecemento doutra cultura. Para min, este programa de lingua é o mellor intercambio do mundo. Por outra banda, esta experiencia confirmou a miña elección inicial: ser profesora de francés. Permitiume un amplo coñecemento da profesión e ter unha experiencia co alumnado. Foi moi sorprendente para min ver até que punto me sentía a gusto co

que facía e a velocidade coa que me adaptei sen que me dixesen que facer para o conseguir. A miña experiencia paréceme moi enriquecedora porque me adapto ao sistema educativo español, considérome realmente integrada co equipo docente e, alén disto, hai un moi bo ambiente de traballo entre o profesorado e alumnado. Esta experiencia respondeu realmente a todas as miñas expectativas e preguntas. Acolleume moi ben o alumnado e afíxose moi axiña a min, polo que puiden facer moitas cousas que non pensaba. Estou moi leda con este ano escolar pois fixo que descubrixe cousas novas sobre a maneira de ensinar.

En resumo, unha experiencia moi enriquecedora para min a nivel profesional e persoal, que me permitiu intercambiar coñecementos e, sobre todo, descubrir a cultura española, máis especialmente a galega. Por iso, residir no estranxeiro representa unha oportunidade para min de ter un maior dominio da lingua española e de saber máis sobre unha cultura que me apaixona. Por fin, quero dar o meu agradecemento a todo o profesorado e persoal administrativo do IES Alexandre Bóveda.

OS PETISCOS DO BESBELLO SALTÓN

TORTA DE OBLEAS E NUTELLA

Antía Álvarez Pazó (4º ESO-C*)

Que farías se te atopas nun apuro gastronómico? Poñamos que te acaban de convidar a una cea e queres levar unha sobremesa... Nesta sección do besbello darémoste unha alternativa fácil, barata e lambereteira. Palabra de Larpeiros!

Para esta receita necesitarás: Nutella, obleas (as cantidades dependerán do tamaño da torta e de canta Nutella poñas entre capas) e decoracións como froitas, améndoas (opcional)

Esta receita é tan simple que tirarás dos cabelos por non tela pensado antes. O único que terás que facer é quentar un chisco de Nutella (non fagas todo o bote

ou se arrefriará antes de poder empregalo. É mellor quentalo segundo a necesites, para que sexa máis fácil traballar con ela e estendela sobre unha das obleas, con coidado para que non rompa. Tan só terás que repetir isto unha e outra vez até que a torta teña a altura que precisas. Unha vez feito isto, recobre toda a torta cunha capa de Nutella e pon as decoracións, se optaches por engadir algunhas destas.

Vedes? Simple e gorentoso! Se gustaches da receita e decides facela, ou tes algunha suxestión, podes enviarnos a túa foto a obesbellosaltón@gmail.com.



O BESBELLO SALTÓN 2018

OS PETISCOS DO BESBELLO SALTÓN

UNHA TARDE A COCIÑAR



Natalia Feijoo Fernández (3º ESO D*)

Hai un ano, fomos á casa da miña tía Rosa para aprender a facer unha torta de nata. Cando chegamos á súa casa xa tiña preparadas as cousas que iamos utilizar, como o batedor e o rodete para esticar a masa. Tamén tiña todos os ingredientes, como o azucre, o leite, os ovos, a fariña e o lévedo.


Non me quero esquecer do difícil que foi para nós aprender a facer esta torta, a piques estivemos de marchar. Lembro como a miña tía nos repetía que era moi doado, mais a nós pareceunos moi enleado. Fixemos moitas cousas: callamos os ovos, engadimos o sal á fariña, fervemos a cachón o leite, machucamos no morteiro noces, remexemos a masa para que non fixese gromos, separamos a xema dos ovos, derretemos a manteiga e puxémola a arrefriar...

Ao rematarmos o traballo, a noitebra facíase co ceo e decidimos ficar a durmir.

Lembro que ceamos un acio de uvas cada un e, alén diso, unhas poucas castañas, que anozcamos antes, e un pexego que compartín con Rosa.







MARÍA VICTORIA MORENO

LETRAS GALEGAS 2018